

Contribucións a unha historia da Universidad Popular da Coruña.

Antón Capelán Rey

RESUMO: O obxectivo deste estudo é unha aproximación histórica á Universidad Popular da Coruña (1906-1916, 1927-1930), creada por membros cualificados da nova xeneración de intelectuais, profesionais e políticos. Procuramos describir tanto o contexto político republicano en que xorde esta institución de educación postescolar, como as súas actividades: cursos, conferencias, visitas, excursións e publicacións.

ABSTRACT: The purpose of this study is to provide historical information on the Popular University of A Coruña (1906-1916, 1927-1930), created by qualified members of the new generation of intellectuals, professionals and politicians. We have attempted to describe both the Republican political context in which this institution of higher education arose, as well as some of the activities: courses, lectures, visits, excursions and publications.

Introdución.

Aínda que carecemos polo de agora de investigacións profundas sobre a II República na cidade da Coruña, parece claro que un dos episodios relevantes nas eleccións xerais de 1936 que deron o triunfo á Fronte Popular, foi a *toma* do Goberno Civil por parte do Comité desta coalición para impedir que se terxiversasen os resultados electorais por parte das autoridades do “Bienio negro”. Durante corenta horas, entre o 19 e o 20 de febreiro, o delegado do Comité Julio Suárez Ferrín fixo as veces de Gobernador e adoptou dúas decisións políticas fundamentais sen agardar sequera as ordes do Goberno de Madrid: a liberación dos presos político-sociais e as reposicións do alcalde cesado o 6 de outubro de 1934, Alfredo Suárez Ferrín, e mais do Concello saído das urnas do 12 de abril de 1931. Ao relatar logo eses feitos nun folleto prologado polo seu amigo Joaquín Martín Martínez, Julio Suárez Ferrín exaltou a tradición republicana da cidade nestes termos:

“En fin, que mi obsesión es mi pueblo ante un problema de libertad. Lo conozco y sé que, liberal siempre, se adelantó constantemente a todas las manifestaciones de libertad, así en la romántica Junta de Defensa de la Capitanía, así en los avances sociales -las ocho horas de jornada, primeras en toda la Península-. Así ahora, ganado el pleito electoral, no había de esperar la tramitación lenta o rápida de la amnistía, para eso tenía 40 anos antes que las demás la República en La Coruña”¹.

Hoxe en día, chama a atención que ese período tan longo de hexemonía política dos grupos republicanos, de que se gaba o destacado membro de Unión Republicana, non se traducise nunha mudanza radical na educación primaria das clases traballadoras herculinas en relación coa das outras cidades galegas de maioría monárquica durante toda a Restauración.

A partir do censo de 1900, José Gómez Somoza fixo un estudio xurdio sobre a instrución na cidade atendendo aos distintos barrios. Loxicamente, as diferencias de clase que se observaban entre os distritos, tiñan a súa correspondencia na distribución espacial das porcentaxes de analfabetismo. Os resultados xerais que nos ofrece da cidade (3'61 % len, 50'82 % len e escriben, 45'39 % non saben e 0'18 % non contestan) eran mellores que a media da provincia, pero ao autor importáballe salientar os desequilibrios internos. As conclusións parecían talmente unha chamada de atención aos poderes públicos:

“En una población donde todavía hay barrios en que más del 60 por 100 de sus vecinos carecen de toda instrucción, hay necesidad todavía de trabajar mucho y de trabajar con fé y entusiasmo para que tal estado de cosas desaparezca cuanto antes.

¡Que no se diga que en la reducidísima extensión que ocupa la capital de Galicia, hay aun lugares en que el 77'83 por 100 de sus vecinos carecen de toda instrucción!

Ahí está la sección de las afueras que no nos dejará mentir”².

Na evolución do analfabetismo en Galicia que presenta o profesor Antón Costa por partidos xudiciais, as cifras que proporciona o da Coruña son certamente estarrecedoras: 78'63 (1900), 72'40 (1910) e 53'29 (1930)³.

A altura de 1913, a cidade da Coruña contaba con 23 escolas nacionais de primeira ensinanza: 14 unitarias (7 de nenos e 7 de nenas), 3 graduadas (1 de nenos e 2 de

¹ SUAREZ FERRIN, Julio: *Cuarenta horas de Gobernador*, Imprenta Moret, A Coruña, 1936, p. 11.

² J.G.S.: “La instrucción elemental en La Coruña según el último censo”, *Revista Gallega* (19-IX-1902)

³ COSTA, Antón.: *Escolas e mestres. A educación en Galicia : Da Restauración á Segunda República*, Xunta de Galicia, 1989, p. 386.

nenas), 1 graduada de párvulos, 1 graduada en réxime de patronato e 4 mixtas⁴. O ambicioso plano escolar deseñado por Rafael Altamira e aprobado polo Concello republicano, que non chegou a executarse integramente, volvía a consolidar as desigualdades educativas existentes entre o centro urbano e a periferia rural, ampliada coa integración do Concello de Oza, de poboación obreira e labrega, pois contemplaba para o centro 6 escolas graduadas con doce seccións cada unha (seis para nenos e outras tantas para nenas), mentres que ás aforas se destinaba unha rede de 18 escolas unitarias (nove para nenos e nove para nenas)⁵.

A falla de auténtica vontade reformadora no ámbito educativo dos gobernantes republicanos sorprende máis cando reparamos na condición de profesores que tiveron non poucos líderes destacados do republicanismo coruñés: Segundo Moreno Barcia (catedrático e director da Escola de Comercio), Eduardo López Budén (dono do Colegio Budén), Joaquín Martín Martínez (propietario do Colegio Integral e logo do Grupo Escolar), Gerardo Abad Conde (dono dun colexio no Cantón Grande), César Alvajar e Manuel Insua Sánchez (profesores no Colegio Budén)⁶.

A partir do curso 1917-18 o pedagogo Johan Vicente Viqueira imparte clases no Instituto da cidade, pero, malia a súa condición de republicano e institucionista, non foi atraído polo grupo gobernante no Concello, xa que a súa coherente militancia galeguista o convertía en persoa pouco grata para o españolismo dominante en María Pita. Sen embargo, á propia hexemonía republicana hai que atribuír a constitución, por parte dos *bad boys* da pequena burguesía e da burguesía non oligárquica, da única Universidad Popular de Galicia, na nosa opinión máis significativa desde o punto de vista político-ideolóxico que relevante na mellora da situación cultural do proletariado urbano. O primeiro escritor que se ocupou na Posguerra desta Universidad Popular, foi Carlos Martínez-Barbeito⁷, na semblanza biográfica que lle dedicou ao seu tío Fernando

⁴ "Instrucción primaria", *Boletín de la Estadística Municipal de La Coruña*, setembro, 1913, p. 12.

⁵ AYUNTAMIENTO DE LA CORUÑA: *Nomenclator de servicios municipales*, Bienio 1918-1919, pp. 63-64.

⁶ Para as relacións dos republicanos e a educación na Coruña, véxase. GABRIEL, Narciso (de): "Republicanismo e educación", 1999, pr. mrs.

⁷ MARTINEZ-BARBEITO, Carlos: "Prólogo" en MARTINEZ MORAS, Fernando: *La Junta Superior de subsidios, armamento y defensa del Reino de Galicia*, Diputación de La Coruña, 1955, pp. 14-15, 19-20.

Martínez Morás; anos máis tarde tamén o cronista Juan Naya⁸ lle consagrou un artigo de xornal. En ambos os textos a Universidad Popular aparece convenientemente descontextualizada, se cadra por temeren que as súas palabras fosen interpretadas pola Ditadura como exaltación dunha institución xenuinamente republicana. Malia o aporte do historiador do movemento obreiro galego Gérard Brey⁹, acertado pero moi breve, cómpre recoñecermos que non erra en absoluto o profesor Alejandro Tiana Ferrer cando afirma que “La Universidad Popular de La Coruña es la menos conocida de las creadas en estos primeros años del siglo”¹⁰. Nas páxinas que seguen, procuramos aportar algunha luz sobre esta Universidad Popular enmarcando a súa creación e as súas actividades no contexto político coruñés e nas iniciativas dos membros da xeración de intelectuais, políticos e profesionais que viven a crise do 98 como adolescentes e que van entrar en acción no segundo lustro do século XX, aínda que a promoción se veña coñecendo na cultura galega como “Xeración do 16” e na cultura española co nome de “Generación de 1914”.

Ao noso ver, a Universidad Popular é un froito do rexeneracionismo populista dunha fracción do republicanismo coruñés, que leva aos intelectuais e profesionais a dirixirse tanto ao proletariado urbano como ao campesiñado en loita pola redención foral e a democratización dos concellos rurais. Certamente, a rexeneración é unha *idea-forza* tradicional do galeguismo, pois xa a achamos nun artigo que Manuel Murguía publica o 28 de setembro de 1856 en *El Defensor de Galicia* da Coruña: “La hora de la regeneración de Galicia ha sonado ya”¹¹. Para o profesor Alfonso Ortí¹², un movemento

⁸ NAYA, Juan: “La Universidad Popular”, *La Voz de Galicia*(7-IV-1963); artigo reproducido en *Boletín de Información Municipal*, nº17-18, novembro-décembro, 1966.

⁹ BREY, Gérard: “L’enseignement populaire non officiel en Galice urbaine jusqu’ en 1911” en AYMES, Jean-René, FELL, Eve-Marie e GUEREÑA, Jean-Louis (eds): *L’ enseignement primaire en Espagne et en Amérique Latine du XVIII ème siècle à nos jours. Politiques éducatives et Réalités scolaires*, Universidade de Tours, 1986, pp. 202-204.

¹⁰ TIANA FERRER, Alejandro.: “Las primeras universidades populares españolas y la educación de la clase obrera” en AYMES...op. cit., p.25. Reitera a mesma idea en “Extensión universitaria y universidades populares en la España de entre siglos: una estrategia educativa de reforma social”, *Revista de Educación*, nº Extra *La Educación y la Generación del 98*, 1997, p.109.

¹¹ Texto reproducido en VARELA, José Luis.: *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Gredos, col. Biblioteca Románica Hispánica, nº 36, Madrid, 1958, p. 97.

¹² ORTI, Alfonso.: “Regeneracionismo, populismo y agrarismo en el proceso histórico de la España contemporánea” en *En torno a Costa*, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid, 1996, pp. 472-473

populista antioligárquico pode manifestarse como nacionalismo contra o Estado alí onde se produce unha opresión das clases subalternas por parte do poder da oligarquía central. Ante o proxecto de modernización agraria de Joaquín Costa, o galeguismo aceptará totalmente a súa loita contra o sistema de “oligarquía e caciquismo” da Restauración canovista, se ben discrepe do seu nacionalismo español. A dicir verdade, en Galicia non houbo un intelectual máis influído pola obra de Costa que o primeiro líder político das Irmandades da Fala, o republicano Luís Porteiro Garea, como revela o seu discurso no Ateneo de Madrid “La acción del caciquismo rural”, subtítulo “Homenaje a Costa”¹³. Costista foi, así mesmo, o tamén republicano da súa mesma xeración Joaquín Martín Martínez, membro da Liga Gallega na Cruña e de Solidaridad Gallega que acolleu colaboracións de Peña Novo no seu semanario *Acción Coruñesa*. Non pode ser casual, logo, que o Parque de Santa Margarida da Coruña leve o nome oficial do *León de Graus*.

1. Contexto político e xeracional

Na nosa opinión, a singularidade que presenta en Galicia a fundación dunha institución educativa como a Universidad Popular, só resulta comprensible historicamente no marco xeral da hexemonía política alcanzada polas forzas republicanas nunha cidade caracterizada polo liberalismo e o progresismo das clases medias ao longo de século XIX. Durante a Restauración o republicanismo coruñés non só foi quen de manter, con bastante continuidade, unha prensa periódica de seu para facer chegar as súas propostas políticas ao conxunto da poboación e repeler os ataques das publicacións monárquicas, senón que deu creado tamén organismos capaces de integraren as diferentes faccións en que se fora dividindo e movemento republicano tras o golpe militar de Sagunto, como o Casino Republicano e o Partido Republicano Autónomo.

Tras a aprobación da lei de sufraxio universal masculino en xuño de 1890 polo Goberno Sagasta, o Partido Republicano Federal de Pi y Margall abandonou o seu retraemento electoral e tomou parte nos comicios do 1 de febreiro de 1891 con Segundo Moreno Barcia e Francisco Amarelle como candidatos a deputados a Cortes; os dous republicanos resultaron gañadores con grande diferenza na cidade da Coruña, pero os tres candidatos monárquicos inflixíronlles unha severa derrota na extensísima zona rural

¹³ PORTEIRO GAREA, Luis: “La acción del caciquismo rural”, *La Palabra* (15-VII-1913), pp. 21-46.

da circunscrición, sometida ao sistema caciquil, como lles sucederá en 1903 a José Rodríguez Martínez (“médico” Rodríguez) e a Santiago Casares Quiroga en 1918. Ao coñecerse os resultados do escrutinio na capital, o xornal monárquico *La Voz de Galicia* xa agoira o predominio dos republicanos no Concello: “Compenetrados con la realidad, y sin otras fuerzas que las de que disponen, los republicanos serán los dueños del distrito de Coruña”¹⁴.

Os diferentes grupos republicanos iniciaron entón un proceso de converxencia, como demostran as accións conxuntas no enterro civil do ex-alcalde federal Federico Tapia en setembro de 1891, nas eleccións municipais e, sobre todo, na recepción entusiasta de Pi y Margall en setembro de 1892. A viaxe por Galicia do grande líder federal acompañado de Pérez Costales serviu para que se relanzase de novo o proxecto de Unión Republicana. O acordo político entre federais, progresistas e centralistas en Madrid coincidiu coa fundación na Coruña do principal centro político e recreativo unitario, o Casino Republicano, inaugurado na Rúa Real o 16 de febreiro de 1893¹⁵.

A primeira vitoria municipal das forzas antidinásticas non chegou ata a constitución do Concello do 19 de xullo de 1899, cando un edil monárquico votou a prol dos candidatos republicanos ás diferentes tenencias de alcaldía:

“Se votó la primera tenencia de Alcaldía y con sorpresa extraordinaria en el público, que esperaba la derrota de los candidatos republicanos, se vió que salía triunfante por 15 votos D. José Martínez Fontenla, venciendo a su contrincante monárquico D. Manuel Ramírez Rodríguez Trujillo, que sólo obtuvo 14”¹⁶.

O Casino Republicano foi aumentando progresivamente o número de socios; se en 1902 contaba con 487, en maio de 1906 xa se elevaban a 837, e iso que sufrira en xaneiro a escisión de “Vanguardia Republicana” de orientación lerrouxista, que contou con 381 membros en maio de 1906, pero que se reintegrou ao Casino o 8 de setembro de 1907 ao aparecer o movemento anticaciquil de “Solidaridad Gallega”.

Co novo século desfíxose o relativo equilibrio entre monárquicos e republicanos no Concello, se ben houbo que agardar ás eleccións municipais de 1905 para que os segundos obtivesen os mellores resultados; dos 33 concelleiros de que constaba o pleno, no

¹⁴ “El éxito de los republicanos”, *La Voz de Galicia* (4-II-1981)

¹⁵ “En el Casino, Republicano”, *La Voz de Galicia* (17-II-1983)

¹⁶ “La sesión de ayer”, *La Voz de Galicia* (20-VII-1899)

ano 1906 só 8 pertencían á minoría monárquica, dividida en tres conservadores, tres liberais das faccións de Canalejas, Moret e Montero Ríos e mais dous independentes¹⁷.

Con independencia da considerable talla política dos principais líderes republicanos da Coruña de fins de século (Manuel Martínez Pérez, Alfredo Vilas, José Martínez Fontenla, “médico” Rodríguez, Eduardo López Budén, Pérez Costales, Moreno Barcia, Joaquín Rey Calvo, Portela Calderón...), o éxito electoral das forzas antimonárquicas non se explica sen as súas relacións co movemento obreiro anarcosindicalista. Aínda que os republicanos e os sindicatos de orientación anarquista mantiveron case sempre relacións moi conflitivas por representaren intereses de clase contrapostos, a comezos de século colaboraron en bastantes mitins e manifestacións para faceren fronte ás medidas reaccionarias e represivas do goberno central e, sobre todo, na intensa mobilización anticlerical, desde que Canalejas fixo en decembro de 1900 no Congreso o chamamento a “dar la batalla al clericalismo”¹⁸.

Un dos membros da nova xeración de republicanos que máis pulo deu á loita anticlerical foi Joaquín Martín Martínez, xenro de “médico” Rodríguez e fundador da Universidad Popular. Tamén tiña ideoloxía anticlerical o “Grupo de Jóvenes Librepensadores”, constituído en torno a 1905 e presidido por Benito Virgilio Anguiano.

O enfrontamento anticlericalismo-clericalismo dirimiuse fundamentalmente na prensa periódica de republicanos e católicos, pero tivo as lóxicas repercusións no ámbito educativo. Fronte á “Escuela Nocturna Para Obreros” fundada en 1897 no Círculo Católico polo relixioso Agustín Corral Golpe, director e propietario de *Diario de Galicia*, e mais ás clases nocturnas impartidas na “Escuela Popular Gratuíta” a partir de novembro de 1902, “médico” Rodríguez propugnou en xaneiro de 1903 a fundación dunha Universidad Popular nunha conferencia impartida na sede do sindicato de carpinteiros, de adscrición anarquista.

¹⁷ “El futuro Ayuntamiento de La Coruña”, *Coruña Moderna* (19-XI-1905). Para a evolución electoral dos republicanos na Coruña véxase GIADAS ALVAREZ, Luis Antonio: *La vida municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*, Edicións do Castro, Sada, 1997.

¹⁸ Para a historia do anticlericalismo español véxase LA PARRA LOPEZ, Emilio e SUAREZ CORTINA, Manuel (eds): *El anticlericalismo español contemporáneo*, Biblioteca nueva, Madrid 1998; CRUZ, Rafael (ed): “El Anticlericalismo”, *Ayer*, nº 27, Madrid, 1997, e CONNELLY, Joan: *La Semana Trágica. Estudio sobre las causas socioeconómicas del anticlericalismo en España (1898-1912)*, Ariel, Barcelona, 1972.

O protagonismo da fundación da Universidad Popular da Coruña recaeu na nova xeración de políticos, profesionais e intelectuais republicanos nados na década dos oitenta, que iniciaron a súa integración creando asociacións propias a partir de 1903, aínda que un dos seus núcleos orixinarios fora o grupo de estudantes da Escola de Comercio que se reunían no mesmo local da *Cova céltica* desde 1898 e estaba formado por Xosé e Uxío Carré Alvarellos, Manuel Vázquez Seijas, Arturo Senra Eiroa, Fernando Martínez Morás, Angel del Castillo, Manuel Monteagudo, José M. Abalo Abad e Gonzalo Villanueva¹⁹.

Como consecuencia da represión do Goberno contra os estudantes universitarios de Salamanca e de Madrid a comezos de abril de 1903, pónense en acción os estudantes coruñeses da Escola de Comercio e do Instituto, que fundan no Casino Republicano, o 7 de abril, a "Unión Escolar Republicana", cunha primeira xunta directiva formada por Fernando Martínez Morás (presidente), Augusto Rodríguez (secretario), Arturo Senra (tesoureiro), Nicolás Barreiro e Juan Pérez Doldán (vocais)²⁰.

O 6 de agosto dese mesmo ano, os estudantes da Unión Escolar crean un Ateneo Escolar cunha xunta directiva presidida polo profesor do Instituto e redactor de *La Voz de Galicia* Augusto Barreiro Noya, con Gerardo Abad Conde como bibliotecario e Mario Ruiz de Baro como secretario²¹.

O 27 de marzo de 1904 estes mesmos rapaces son os encargados de fundar a "Juventud Republicana" da Coruña nunha xuntanza no Casino Republicano presidida por "médico" Rodríguez. Os principais responsables da nova organización republicana foron, nun primeiro momento, Fernando Martínez Morás e Augusto Rodríguez²².

O notable grao de integración alcanzado por estes mozos apréciase perfectamente co gallo da morte de Xosé Carré Alvarellos o 23 de xullo de 1904. Como homenaxe póstuma, os seus compañeiros de estudos e membros da Unión Escolar Republicana encargáronse de editarlle a súa tradución ao castelán do estudio de Hugo A. Rennert *Macías o Namorado*, que vira a luz dous anos antes no xornal lugués *La idea Moderna*. O prólogo anónimo do folleto é da autoría de Fernando Martínez Morás, e entre os que sufragaron a edición estaban Angel del Castillo, Gonzalo Villanueva, Manuel Vázquez Seijas, Arturo e

¹⁹ VAZQUEZ SEIJAS, Manuel: "La cueva céltica", *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 333-338 (novembro, 1959), pp.90-91.

²⁰ "Los estudiantes coruñeses", *La Voz de Galicia* (8-IV-1903)

²¹ "El Ateneo Escolar" en *La Voz de Galicia* (7-VIII-1903)

²² "La juventud republicana", *La Voz de Galicia* (29-III-1904)

Manuel Senra, Bernardo Bermúdez Jambrina, Enrique e Alfredo Suárez Ferrín, José Seijo Rubio, Manuel Monteagudo, Enrique Álvarez López, Santiago Casares Quiroga, etc²³.

Non poucos membros fundadores da Universidad Popular tomaron parte na creación de Solidaridad Gallega en setembro de 1907 e na constitución da Sección Ateneísta do Circo de Artesanos en maio dese ano. Convén advertirmos que a fundación da Universidad Popular non se ha de dissociar dos debates estéticos en torno ao modernismo na cidade herculina. No número do 26 de agosto de 1906 da *Revista Gallega* o rexionalista Galo Salinas Rodríguez, que se caracterizara polas sátiras e parodias dos modernistas, cedeulle dúas páxinas aos escritores novos Bermúdez Jambrina, Wenceslao Fernández Flórez, Alberto Insúa (fillo adoptivo do antigo rexionalista e ex-presidente da Liga Gallega na Cruña Waldo Álvarez Insua) e o seu futuro cuñado e tamén escritor cubano Alfonso Hernández Catá, pero non sen engadir unha carta dirixida a eles e mais a Francisco Camba chea de recomendacións paternalistas²⁴.

2.A fundación da Universidad Popular

As orixes remotas da Universidad Popular da Coruña, na nosa opinión, non son outras que o movemento de extensión universitaria do grupo de Oviedo²⁵. Non carece de significación que a primeira institución non relixiosa interesada en promover a difusión cultural en medios obreiros fose “La Antorcha Galaica del Librepensamiento”, na que conviven anarquistas e republicanos de esquerda unidos por un común anticlericalismo. Así, á hora de anunciar un ciclo de conferencias de divulgación nos seus locais, iniciado por Moreno Barcia cunha disertación sobre “Atmósfera”, o 6 de xaneiro de 1901, faise unha referencia explícita ao modelo ovetense:

“A imitación de lo que con tanto éxito viene practicándose en París y otras poblaciones francesas, y aquí en España, particularmente en Oviedo y Málaga, para difundir los conocimientos en ciencias y artes, mediante conferencias de carácter popular, la sociedad Antorcha Galaica pues cuenta con el generoso concurso de algunos señores profesores- acordó abrir una serie de aquellas, que serán públicas, sobre todo para las señoras y clases trabajadoras, al objeto de ele-

²³ “José Carré Alvarellos”, *Revista Gallega* (24-XII-1904)

²⁴ SALINAS RODRIGUEZ, GALO: “Modernismo literario/Cartas y otras cosas”, *Revista Gallega* (26-VIII-1906)

²⁵ RUIZ SALVADOR, Antonio: “Intelectuales y obreros: La extensión universitaria en España”, AA. VV.: *Cuatro ensayos de historia de España*, Edicusa, Madrid, 1975, pp.153-206.

var el nivel intelectual de aquellos que, teniendo aptitudes, no pueden acudir a los centros oficiales de instrucción pública”²⁶.

En novembro dese ano foi a *Revista Gallega* a que reproduciu íntegro o programa de extensión universitaria de Oviedo. A relación de profesores e materias de ensino remata con esta incitación aos profesores da Universidade de Santiago e dos claustros coruñeses:

“Procediendo como lo hace la Universidad de Oviedo es como se trabaja por el progreso de la región. ¿Por qué la Universidad Compostelana no imita ejemplo tan laudable? ¿Por qué los claustros de nuestro Instituto y otros establecimientos docentes, aun cuando en esfera más modesta, no hacen algo parecido? Mucho ganaría la cultura general y mucho mejor sería llevar esas ensoñaciones al pueblo que extraviarlo con doctrinas que no comprende”²⁷.

Para o historiador Gérard Brey²⁸, os antecedentes inmediatos da Universidade Popular cómpre velos na conferencia titulada “Consideraciones sobre la vida”, que “médico” Rodríguez pronuncia na sociedade de resistencia dos carpinteiros “La Emancipación” o 30 de xaneiro de 1903, pois nela fala xa da comenencia de crear unha Universidade Popular a partir do Circo de Artesanos, “La Antorcha Galaica” e o Centro de Estudios Sociales “Germinal”. Hai que ter presente de tódolos xeitos que acababa de fundarse nese mes a Universidade Popular no Casino Republicano de Valencia. Gracias á prensa partidaria, os republicanos coruñeses estaban ao tanto das iniciativas das forzas blasquistas, como proba o feito de que, por reproducir no semanario *El Combate* o artigo de Blasco Ibáñez “Al pasar...” Abelardo Vila, o director, fora condenado pola Audiencia da Coruña á pena dun ano e catro meses de cadea en agosto de 1903.

A fins de 1903, atopamos un solto de *La Voz de Galicia* en que, logo de explicar en que consiste a extensión universitaria de Oviedo, reclama a constitución dunha Universidade Popular en Galicia:

“El porvenir de estos trabajos -y por eso deseamos que llegue a ser un hecho su implantación en Galicia- está en realizar el ideal de la Universidad popular.

No faltan aquí maestros, ni patriotas, ni hombres de buena voluntad que desinteresadamente presten su cooperación al proyecto.

Falta sólo quien haga rodar la idea a impulsos de un movimiento inicial”²⁹.

²⁶ “Extensión universitaria”, *La Voz de Galicia*(4-I-1901)

²⁷ “Universidad de Oviedo”, *Revista Gallega* (10-XI-1901)

²⁸ BREY, Gerard: *Op.cit.*, p.202

²⁹ “Asturias y Galicia/La extensión universitaria”, *La Voz de Galicia* (30-XI-1903)

Sen embargo, houbo que agardar ata o verán do ano 1906 para ver realizada a idea. De feito, o fracaso dunha iniciativa cultural de D^a.Emilia Pardo Bazán polo seu carácter elitista e centralizador deu paso á dos mozos da antiga Unión Escolar Republicana. Este proxecto de educación popular viuse favorecido por unha interesantísima campaña de prensa de divulgación dos principios educativos institucionistas a cargo do director do xornal *La Voz de Galicia*.

Durante os cursos 1906 e 1907, Pardo Bazán ocupou a presidencia da sección de Literatura do Ateneo de Madrid, acompañada sucesivamente dos escritores Ramón Pérez de Ayala e Gregorio Martínez Sierra como vicepresidentes". Aproveitando o seu período de vacacións estivais na Coruña, o 26 de xuño de 1906 reuniu no seu domicilio da rúa Tabernas os presidentes das sociedades culturais e recreativas e mais os directores dos xornais da cidade a fin de organizar na capital herculina unha sesión solemne do Ateneo de Madrid durante as festas de agosto. A autora de *La Tribuna* pretendía achegar ás diferentes cidades españolas a acción ateneísta de extensión cultural³⁰, pero a mediados de mes acabaría recoñecendo noutra xuntanza a súa incapacidade para que acudiran á Coruña figuras da talla de Joaquín Costa, Ramón y Cajal e José Canalejas³¹.

Case simultaneamente a estes proxectos malogrados da Pardo Bazán, o director de *La Voz de Galicia* Rafael Roda Jiménez (1873-1959) inaugura a columna "Por la cultura", que vai asinar co pseudónimo de "Prodemo" e constitúe a máis intelixente campaña de educación popular defendida a principios de século polo xornal de Fernández Latorre. A simple relación de títulos que publica na segunda metade de 1906, abonda para apreciarmos a orixinalidade que supuña en Galicia unha defensa tan sistemática da educación popular ante a deserción dos profesores da Universidade de Santiago de Compostela: "La extensión del Ateneo" (28-VI), "La Universidad popular" (8-VIII), "Por la cultura" (23-VIII), "Las misiones pedagógicas. Algo más practico" (II-IX), "Los museos pedagógicos" (15-IX), "Bibliotecas en los pueblos" (25IX), "La acción necesaria" (23-X), "Escuelas nocturnas" (21-XII) e "Las conferencias populares" (27-XII). Pouco antes de abandonar *La Voz de Galicia*, Rafael Roda pronunciou no salón do Circo de Artesanos a conferencia "Influencia de la cultura en el progreso de los pueblos, bajo el punto de vista pedagógico", nun ciclo organizado pola Academia de Bellas Artes:"Sostuvo, demostrándolo con ejemplos brillantes e irrefutables, que la regeneración de España está principalmente en la educación del

³⁰ "Una idea de la señora Pardo Bazán", *La voz de Galicia* (8-VI-1906)

³¹ "La misión del Ateneo", *La Voz de Galicia* (19-VIII-1906)

pueblo³². Este xornalista granadino, que participou con María Barbeito na fundación da institución benéfica “El Niño Descalzo”, apoiou a creación da Universidad Popular “por un núcleo de jóvenes entusiastas y anhelosos del progreso de nuestro pueblo”, e demostrou un bo coñecemento dos precedentes europeos á hora de definir a natureza e os obxectivos desta institución:

“Gyeissi la define diciendo que es una asociación que se propone desenvolver la enseñanza popular superior, que persigue la educación mutua de los ciudadanos de todas las condiciones, que organiza reuniones a donde el trabajador puede asistir, terminada su tarea, descansar, instruirse y distraerse. Las Universidades populares son a un tiempo mismo centros de cultura y de acción social, que han nacido como resultado de los dos grandes movimientos de la vida moderna: el movimiento *escolar* y el movimiento *obrero*; y están llamados a desempeñar un papel importantísimo como órganos de impulsión y como campo de experimentación y ensayo de instituciones sociales que permitan buscar soluciones pacíficas a los problemas que con más apremio solicitan atención de los pueblos en el actual período de organización y constitución de democracias cultas.

Son instituciones, en suma, que tienden a dar a las clases populares ilustración, moralidad, conciencia de sus deberes, modales cultos, nobleza en los actos y en las palabras, el sentido total de la vida, que distingue al mundo civilizado del que yace sumido en la barbarie³³.

A pesar das incitacións dos medios de comunicación da Coruña, os intelectuais, políticos e profesionais liberais novos non se lanzaron á fundación da Universidad Popular ata á chegada a cidade herculina, no mes de xullo de 1906, de Alberto Insúa canda a súa familia, á que acompañaba o seu futuro cuñado e tamén escritor de orixe cubana Alfonso Hernández Catá. Hai que reparar en que Alberto Insúa cursara o bacharelato na Coruña e tivera como compañeiro de Instituto a Fernando Martínez Morás; pola súa condición de socio moi asiduo do Ateneo de Madrid non podía ignorar o funcionamento da Universidad Popular, creada no seo do Ateneo o 31 de Nadal de 1904³⁴. Non nos cabe dúbida que a *Memoria relativa a la fundación de la Universidad Popular de Madrid*, elaborada polo vocal da xunta directiva Antonio Gascón y Miramón, se tivo moi en conta para marcar a liña dou-

³² “Las conferencias de la Academia de Bellas Artes/La del Sr. Roda”, *La Voz de Galicia* (15-I-1907)

³³ PRODEMO: “La Universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (8-VIII-1906)

³⁴ Para a Universidade Popular de Madrid, vid. TIANA FERRER, Alejandro: *Maestros, misioneros y militantes. La educación de la clase obrera madrileña, 1889-1917*, Ministerio de Educación y Ciencia, Madrid, 1992, pp. 276-296. Sobre as Universidades populares francesas, vid. MERCIER, Lucien: *Les universités populaires: 1899-1914. Education populaire et mouvement ouvrier au debut du siècle*, Les Editions Ouvrières, Paris, 1986.

trinal da nova institución, sobre todo no que se refire á neutralidade ideolóxica. O primeiro anuncio da fundación da Universidad Popular correspondeu a Angel del Castillo, nun artigo da revista de Galo Salinas que non foi acollido postumamente na súa bibliografía:

“Se ha constituido en esta ciudad una *Universidad Popular*, vulgarizadora de conocimientos rudimentarios y cuyo objeto principal es inculcar en los obreros nociones, aunque sean pequeñas, de aquello que más les interesa; hablarles en tono familiar y comunicativo de manera que lo entiendan, de aquellas ideas que redimen al hombre de la ignorancia; y prepararlo para cualquier clase de estudios, que su vocación o la civildad le obliguen a seguir. Está constituida por jóvenes, que en plena pubertad y llenos de esperanzas e ilusiones, todo lo ven liso y llano, porque sabido es que para la juventud, con el atrevimiento de la edad y la fuerza de la sangre, nada hay que se oponga, ni obstáculo que no se venza. Empezará la tarea, pasadas las fiestas, explicando el rector (un concejal joven y trabajador) el objeto de la corporación, la forma de sus proyectos y modo de realizarlos; sábense ya los temas de que se tratará, y entre ellos, figuran de Geología, Paleontología, Fisiología e Higiene, Física, Mecánica, Aritmética, Teneduría, Sociología, Historia, etc., y otros muchos que formando series de estudios correlativos, serán explicados por los distintos jóvenes que de ello se encargaron, y para que nada falle, el rector explicará oportunamente a los obreros el modo de entender y aplicar la Ley de accidentes del trabajo, al presente tan mal aplicada como entendida. Serán las tareas, públicas, un día a la semana, tal vez el sábado, a horas en que sea factible la concurrencia, y se darán con el público que asista, poco o mucho; esta alejada la idea, de todo lo que represente política y religión, y pruebas son de ello los diversos matices de los individuos que la forman, y los distintos locales en los que se trabajará, que son el Circo de Artesanos, el Casino Republicano, Germinal y el Patronato católico de obreros de San José. Los iniciadores de la *Universidad Popular* nos hemos unido sin pretensiones, y sólo con la idea de ilustrar a las masas; bien sabemos que no somos ni sabios ni maestros, pero estamos plenamente convencidos de que se logra más (para el fin que nos proponemos) tratando las materias desde un punto de vista rudimentario, que desde uno de miras altas, al que nunca se lograría llevar al auditorio”³⁵.

O manifesto fundacional, con toda probabilidade da autoría de Alberto Insúa, aparece asinado o 5 de setembro. Nel condénsase con grande sinxeleza e inxenuidade a utopía institucionista ao presentar a educación como o medio básico da confraternización humana, á marxe das diferencias de clase, como corresponde á clase media ilustrada e reformista:

“Después de todos los intentos, después de todas las batallas, subsiste un modo de fraternizar a los hombres: *la educación*. Sin duda alguna la cultura, el recuerdo de otras edades y una ins-

³⁵CASTELL: “De cultura”, *Revista Gallega* (5-VIII-1906)

trucción moral y filosófica, son las mejores armas en la lucha por la existencia. Lo peor de la pobreza es la ignorancia que la acompaña. Es necesario saber. En un mundo de hombres sabios no podrían existir las miserias y las desigualdades de hoy. Saber equivale a ser consciente y de enérgica voluntad. Conforme nos acerquemos al ideal y los pueblos se vayan educando, irán aminorándose sus pesadumbres³⁶.

Máis interese ofrece hoxe en día a descrición dos fins e da organización interna da nova institución de educación popular, pois sospeitamos que nesta primeira etapa non chegou a elaborar uns estatutos dada a amizade e o número reducido dos compoñentes da Universidad Popular:

“La *Universidad Popular* no se propone otra misión que la de intentar el mejoramiento intelectual del pueblo, bien segura de las ventajas materiales que tal mejoramiento reporta.

La Universidad Popular es una institución libre. No depende del Estado, ni de ningún partido o tendencia política. La Universidad Popular depende de la voluntad de sus asociados y para asociarse a La Universidad Popular en su labor activa de cada uno basta con demostrar que se poseen conocimientos dignos de ser transmitidos al pueblo.

La Universidad Popular no tiene jefe, ni junta directiva, ni domicilio social. Es absolutamente autónoma, y cada uno de sus miembros puede exponer con entera libertad las teorías que le plazcan, aunque por acuerdo espontáneo han convenido en apartarse por completo de la política.

La Universidad no tiene matrículas, ni cédula de inscripción. Son alumnos de ella cuantos deseen asistir a sus explicaciones. También por acuerdo espontáneo de sus miembros La Universidad no busca lucimientos personales ni pretende éxitos periodísticos ni burocráticos. Los miembros de La Universidad Popular preparan sus cursos y sus conferencias para desarrollarlos en tono sencillo, de conversación, ante un público voluntario, pequeño o grande”.

A presentación oficial da Universidad Popular tivo lugar o 9 de setembro na Casa do Concello, e correu a cargo do primeiro presidente da nova institución, o avogado republicano Manuel Durán García (1882-1934), amigo íntimo de Arturo Casares e 1º síndico no Concello constituído o 31 de Nadal de 1905. Alberto Insúa pronunciou nesa ocasión a conferencia “Misión de la Universidad Popular”. O 25 de setembro, pouco antes de marchar para Madrid ao finalizaren as súas vacacións de verán, Alberto Insúa acudiu ao local de “La Emancipación” para disertar sobre “La acción política del pueblo”.

Todo fai pensar que no grupo dos mozos fundadores, nun primeiro momento, xurdiron serias diverxencias en relación coa liña ideolóxica a seguiren nestas conferencias de extensión cultural, xa que os temas abordados por Alberto Insúa e Ignacio Loureda (“El

³⁶ “La Universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (6-IX-1906)

alma y el cerebro”) contrastan cos menos ideolóxicos dos restantes membros da Universidad Popular. O propio Fernando Martínez Morás recoñeceu as tensións iniciais:

“Hubo quien pretendió en principio dar a la institución naciente un tono de radicalismo. Pero no debía ser así. Pronto la abandonaron, pues, su iniciador y algunos de sus fundadores, y la *Universidad Popular coruñesa* empezó a realizar su labor en términos de una neutralidad absoluta³⁷.”

A Universidad Popular foi ben acollida polos medios de comunicación liberais da Coruña, pero as conferencias de Alberto Insúa provocaron o alporizamento do director da *Revista Gallega*; no longo artigo que lle dedicou Galo Salinas percíbese claramente a aversión que lle produciu a colaboración coa esquerda proletaria, tan combatida por el desde a fundación do seu semanario, duns intelectuais novos que profesaban, ademais, unha estética literaria que rexeitaba, como era a modernista:

“Cuando tuvimos conocimiento de que se proyectaba fundar una Universidad popular por muchachos recién salidos de las aulas, hubimos de felicitarlos, porque de la lectura de la circular que repartieron sacamos la consecuencia de que propendían a iniciar al pueblo en aquellos conocimientos rudimentarios conforme la labor a que se dedicaran los oyentes, con alejamiento de toda alusión político-religiosa, según se ofrecía; y los felicitamos porque, como en muchas ocasiones lo hemos manifestado, nos encantan los atrevimientos juveniles si no traspasan las lindes de la prudencia; pero en cuanto oímos sus conferencias y sospechado el fin que se proponían, cuando alguno de ellos, al objetarle nos dijo *que había que barrer para dentro*, reaccionamos y convertimos en censuras lo que habíamos empezado por alabanzas, porque en la linfa con que se quería apagar la sed de saber de la clase trabajadora, descubrimos filamentos de tósigo que llevaban en si viscosidades de muerte, y a la verdad que para veneno de sobra tienen en sus entrañas nuestros adulterados obreros, sin que les prodiguen mayores dosis nuestros *nenufarescos, liliales y glaucos* imberbes, muy dignos de estimación cuando no sueñan en hacer prácticas las utopías que se encierran en corruptoras *Universidades populares*, que mal encubren petulancias y pedanterías³⁸.”

Sen embargo, Galo Salinas saíu en defensa da nova orientación de absoluta neutralidade política e relixiosa en canto Alberto Insúa marchou para Madrid, e comprobou que os novos conferenciantes se limitaban á exposición de temas de cultura xeral, sen ningún compromiso coa loita político-ideolóxica en que estaba inmerso o proletariado coruñés:

“Estas conferencias son las que convienen a aquellos a quienes se dedican para que se instruyan en lo que más en contacto está con su modo de vivir, éstas y no las cuestiones socialistas,

³⁷ “La Universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (19-VI-1912)

³⁸ “La Universidad Popular”, *Revista Gallega* (7-X-1906)

filosóficas y metafísicas que no hacen otra cosa que llenarles la cabeza de viento sin provecho útil para ellos ni para la sociedad en general”³⁹.

A vista destes testemuños, parece evidente que o *neutralismo* da Universidad Popular é o grao máximo do reformismo pequeno burgués a que chegan os mozos republicanos, na oposición política en Galicia e España, pero no poder na cidade da Coruña. Neste sentido, non resulta descabelado interpretarmos a fundación da nova institución como un intento de domar politicamente un sindicalismo combativo que se negaba a aceptar as institucións burguesas. De feito, unha vez desaparecida a Universidad Popular e en plena crise o sistema canovista polo empuxe do proletariado e os movementos de emancipación nacional da periferia, o secretario do Concello Joaquín Martín Martínez pronunciou en “La Emancipación” a conferencia titulada “El apostolado de la educación”, na que defende o modelo educativo da burguesía reformista que representaba a Institución Libre de Enseñanza:

“Estableció como premisas que el malestar de España deriva de la incultura, de la miseria y de la cobardía, ésta en el sentido de falta de valor cívico.

Presentó a la Institución Libre de Enseñanza como modelo de la escuela que España necesita y realzó las dos grandes figuras que dieron vida a aquella: Giner de los Rios y Costa, proclamando las doctrinas de uno y otro como panacea de los hondos males que padece España.

Después de retratar la penuria en que se mueve la Institución pública en nuestro país, que va a la zaga en este aspecto en las estadísticas europeas, y de preconizar dicho sistema docente que él juzga, en la terapéutica social, remedio infalible sentó el corolario de que se impone la creación de una Liga de enseñanza y de un bloque contra las derechas”⁴⁰.

3. Os promotores

Desde a súa mesma constitución, a Universidad Popular evidenciou unha grande debilidade interna para desenvolver o programa educativo con certa continuidade: os promotores só ascendían a 21. Repárese, como contraste, en que os membros numerarios e fundadores da Universidad de Madrid que lles serve de modelo eran 104. Na relación que asina o manifesto fundacional do 5 de setembro, aparecen bastantes antigos membros da Unión Escolar Republicana que integrarían máis tarde a “Sección Ateneísta” do Circo de

³⁹ “La Universidad Popular”, *Revista Gallega* (21-X-1906)

⁴⁰ “Dos conferenciantes”, *La Voz de Galicia* (23-IV-1918)

Artesanos e a Solidaridad Gallega. Se nos fixamos nas datas de nacemento dalgúns destes intelectuais, políticos e profesionais, compróbase a forte conciencia xeracional que presidiu o nacemento desta institución de educación postescolar: Enrique Hervada (1883-1953), Manuel Monteagudo (1883-1979), Gerardo Abad Conde (1881-1936), Joaquín Martín Martínez (1878-1936), Angel del Castillo (1886-1961), Fernando Martínez Morás (1885-1937), Santiago Casares Quiroga (1884-1950), Manuel Durán García (1882-1934), Arturo Senra, Sergio Andión, Enrique Alvarez López, Cayetano Martínez, Mario Ruiz de Baro, Gervasio Iglesias, Juan Beltrán Muiños, Benito Virgilio Anguiano, Francisco Añino, Ignacio Loureda, Alberto Insúa (1883-1963), Wenceslao Fernández Flórez (1885-1964) e Ramón María Tenreiro (1879-1938).

En 1908 os once últimos xa non forman parte da Universidad, pero o seu lugar sería ocupado por Uxío Carré Alvarellos (1885-1967), Carlos Mosquera, Enrique e Alfredo Suárez Ferrín (1881-1936), José Seijo Rubio (1881-1970), Rodrigo Sanz (1872-1939), Enrique Fernández Roel, Ramón Juega López e Angel Durán Cao; os tres últimos non figuran no último listado de que dispoñemos, de fins de 1912, e no seu canto aparecen Manuel Insua Sánchez, Jacobo Casal Rey, Domingo Andrade Martínez, Antón Villar Ponte (1881-1936) e, de novo, Wenceslao F. Flórez, de regreso na Coruña tras os catro anos como director de *Diario Ferrolano*⁴¹.

A escasez de socios e a ausencia de compromiso efectivo coa institución dalgúns membros deben de estar na raíz da falla de rotación nas direccións. Os catro presidentes foron Manuel Durán García (1906-1907), José Seijo Rubio (1907-1908), Fernando Martínez Morás (1908-1912) e Angel del Castillo (1912-1916).

Desde o punto de vista político, é doado observarmos que na Universidad Popular da Coruña adquire verdadeiro protagonismo a promoción de mozos republicanos que entran no Concello na segunda década do século XX, tamén coñecidos co apelativo de "jóvenes turcos"; Abad Conde e Joaquín Martín Martínez son elixidos concelleiros en maio e Nadal de 1909, respectivamente; nas eleccións de novembro de 1911 os que acceden á institución de Goberno municipal son Arturo Senra, Sergio Andión e Santiago Casares⁴². Como todos son partidarios de José Martínez Fontenla no enfrontamento con Antonio Lens

⁴¹ FERNANDEZ, Carlos: *Wenceslao Fernández Flórez (Vida y Obra)*, Deputación da Coruña, 1987, pp. 21-30

⁴² GIADAS ALVAREZ, Luis Antonio: *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*, Edicións do Castro, Sada, 1997, pp. 136-150

Viera, logo alcanzan no Concello as tenencias de alcaldía e o cargo de Procurador Síndico. Tamén desempeñan neses anos a presidencia da Juventud Republicana local: Martín Martínez en 1911 e Angel del Castillo en 1913. Casares Quiroga, pola súa parte, asume a dirección do xornal republicano *Tierra Gallega* a partir de 4 de outubro de 1914 e a presidencia do Casino Republicano en 1917.

Sen embargo, non se ha de pensar que todos se mantiveron fieis á ortodoxia republicana, pois o *cursus honorum* profesional tendía a achegalos ás fileiras monárquicas ou á indiferencia ante as formas de Estado, coa conseguinte reviravolta cando se instaure en España a II República para non ficaren á marxe das institucións do poder. Un comportamento que lles será reprochado en 1933 pola nova mocidade republicana desde as páxinas de *La Draga*. Así, como Martínez Morás asumiu o cargo de secretario do Circo de Artesanos no equipo directivo presidido polo monárquico Manuel Casás, acabou constituíndo con el o Instituto de Estudios Gallegos en 1918 para facerlle fronte ao movemento das Irmandades e, nas eleccións de febreiro de 1920, é elixido concelleiro polo partido liberal demócrata de García Prieto; pero en 1933 convértese en secretario do Partido Republicano Conservador de Miguel Maura. Se Martín Martínez pasa a formar parte do Partido Reformista de Melquiades Álvarez, logrando nese período a secretaría do Concello, na II República será membro da Unión Republicana. Angel del Castillo non terá inconveniente en ser “Delegado Regio de Bellas Artes” na Coruña desde 1919 ata 1926, en que é substituído por Seijo Rubio, para formar parte do Partido Republicano Gallego de Casares Quiroga e ocupar o Goberno Civil de Pontevedra en 1932.

Manuel Insua Sánchez, membro da Irmandade da Fala, foi elixido concelleiro pola ORGA nas eleccións do 12 de abril de 1931 e presidente da Deputación en 1933. Alfredo Suárez Ferrín, deputado provincial durante a Ditadura, foi militante primeiro da ORGA e logo fundador do Partido Republicano Radical Socialista na Coruña, co que acadou a concellería nas municipais de abril de 1931 e a alcaldía da cidade en xaneiro de 1934, para acabar en Unión Republicana despois de promover a Agrupación a la Tercera República co obxecto de combater o Estatuto de Autonomía da Asemblea de Concellos de Santiago. Nese ambiente republicano hoxe en día sorprende atopármonos coa figura de W. Fernández Flórez, tal vez o intelectual coruñés da nova xeración de máis sona cando se funda a Universidad Popular. Iniciárase como redactor no xornal conservador *La Mañana* e, ao desaparecer o 31 de xullo de 1902, pasou a *Diario de La Coruña*, que o veu substituír ao outro día baixo a dirección do deputado a Cortes Eduardo Torres Taboada, mentres publica poemas e prosas literarias en *Revista Gallega*. Fernández Flórez entra en *Tierra Gallega* ao fundarse o xornal republicano o 2 de setembro de 1903 para reempra-

zar o semanario *El Combate*, e nel non tarda en ocupar a xefatura de redacción, de aí que represente o xornal o 22 de maio de 1904 no acto de inauguración do monumento aos mártires de Carral erixido pola Liga Gallega na Cruña; ao tempo participa na liña antigaleguista do director Eladio Fernández Diéguez con ataques á creación da Real Academia Galega. Toma parte na fundación da Asociación de la Prensa en 1904 e dirixe así mesmo o semanario agrario de Betanzos *La Defensa* desde o 5 de agosto de 1906, pero tamén edita pola súa conta os tres primeiros volumes que xa non recompilaría nas *Obras completas*: os contos de *Páginas literarias* (1902), a novela breve *Krum Bace* e *En la sombra* (1903), un monólogo interpretado por Bermúdez Jambina o 8 de maio de 1905 no teatro Alfonso de Betanzos. En setembro de 1906 pon en escena no Pavillón Lino da Coruña a revista *De verano*, escrita en colaboración co tamén redactor de *Tierra Gallega* Narciso Castro, con música do maestro Mauricio Farto. Abandona o xornal republicano da Coruña en Nadal de 1906 para dirixir *Diario ferrolano* e, cando regresa á cidade herculina en 1911, xa se incorpora ao conservador *El Noroeste*, pero non por iso se desentende da Universidad Popular.

A relativa homoxeneidade política e ideolóxica que observamos entre os membros da Universidad Popular oculta non poucas diferencias sociais, aínda que predominen os representantes da clase media nas súas diferentes capas. Así, nun extremo achamos a Uxío Carré Alvarelos, que debe renunciar a unha axudantía interina na Escola de Comercio en 1909, cando a creba da librería do seu pai, e limitase ao seu traballo de empregado na sociedade Aguas de La Coruña⁴³. Villar Ponte e Fernández Flórez son, en realidade, intelectuais case proletarizados nas redaccións dos xornais da época, polo que se ven na obriga de recorrer ao pluriemprego; o futuro fundador das Irmandades da Fala, tras a fracasada aventura xornalística en Cuba entre 1908 e 1910, ingresa na redacción de *La Voz de Galicia* en marzo de 1912, pero segue enviando crónicas sobre Galicia a *Diario de la Marina* e colaboracións a *La Correspondencia* de Cienfuegos da illa caribeña. Labor xornalístico tamén exercera Juan Beltrán Muiños⁴⁴, que secundou a Manuel Monteagudo⁴⁵ na fundación do primeiro grupo esperantista da Coruña, e que acabou por emigrar á Habana, onde presidiu a Asociación Iniciadora e Protectora da Real Academia

⁴³ PICHEL LORENZO, Antonio: "Limiar" en CARRE ALVARELLOS, Uxío: *A miña viaxe ás Grañas do Sor*, Galaxia, Vigo, 1993, p. 9.

⁴⁴ Véxase unha semblanza deste publicista en "Juan Beltran", *Galicia (18-III-1911)*, A Habana.

⁴⁵ GONZALEZ CATOYRA, Alfonso: "Manuel Monteagudo Rodríguez" en *Biografías coruñesas*, Fundación Caixa Galicia, 1990, pp. 438-439.

Galega. Angel del Castillo é funcionario municipal, mentres que ocupan cátedras en diversos centros públicos Jacobo Casal, Martínez Morás, Seijo Rubio e Abad Conde.

Bastante diferente é a situación dos médicos Enrique Hervada e Angel Durán Cao ou a do líder solidario Rodrigo Sanz, avogado rendista. Os irmáns Suárez Ferrín e Manuel Insua son propietarios de empresas que se ven favorecidas polo crecemento da Coruña a comezos de século. En relación con Arturo Senra Eiroa, convén advertirmos que é fillo dun dos maiores contribuíntes da Coruña a fins dos anos vinte, o republicano federal Angel Senra Fernández⁴⁶, quen partindo de zapateiro en Noia chegou a ser dono da máis importante fábrica de calzado de Galicia, cunha produción de mil pares diarios, e alcanzou a alcaldía da Coruña ao instaurarse a República. Polo que se refire ao propio Casares Quiroga, digamos que, malia o seu proclamado esquerdismo político, herdara do pai a administración da aristocracia e dos grandes capitalistas da Coruña:

“Lo fue de los condes de Taboada (casa de Paredes), de la condesa de Pardo Bazán; de los Quirogas, de los Torres Taboada; de los Torres Adalid, y, sobre todo, de D. Pedro Barrié y de toda la familia Pastor (fundadores y dueños del Banco de su nombre). Además tiene un capital, heredado de su padre antes de la República, de más de cuatro millones de pesetas”⁴⁷.

4. Actividades da Universidad Popular

4.1. Cursos e conferencias

Aínda que de primeiras tamén se contemplaba a acción sobre os sindicatos católicos, o destinatario do labor docente da Universidad Popular coruñesa foi fundamentalmente o proletariado urbano adscrito ás diferentes sociedades de defensa de orientación anarcosindicalista ou socialista que, gracias á intensa loita social que mantiveron ata lograr o convenio laboral de fins de 1906, deran rabaixado considerablemente as horas de traballo. Así aparece descrito nunha reportaxe sobre a Universidad Popular do ano 1912, atribuíble ao seu director Fernando Martínez Morás, xa redactor de *La Voz de Galicia*:

“El tipo de alumno de la U. P. es el obrero que trabaja ocho o diez horas diarias, tiene constituida una familia, con las necesidades inherentes a ella, y tiene como únicas horas disponibles las

⁴⁶ GONZALEZ CATOYRA, Alfonso: “Angel Senra Fernández”, *op. cit.*, pp.633-634.

⁴⁷ ARIAS SANJURJO, Joaquín: *Décima sobre el problema social de nuestro tiempo*, Santiago de Compostela, 1933, p.8.

de seis a diez de la noche en que los centros oficiales no le ofrecen sino con sensibles limitaciones ocasión de ampliar su cultura general"⁴⁸.

Nun primeiro momento, as organizacións obreiras non aforraron eloxios no seu voceiro á difusión cultural dos membros da Universidad Popular:

"Digna de loa por todos los conceptos es la labor que se han impuesto los jóvenes que integran la *Universidad Popular*, y esta labor resulta tanto más meritoria, cuanto el interés predilecto de la citada institución ha sido el de llevar los rayos de la luz de la ciencia al hogar del desheredado, esto es, a los círculos, centros y sociedades donde los obreros se reúnen.

La juventud intelectual, exenta de todo interés bastardo, llevando el pan de la inteligencia al hogar proletario ¡qué hermosa esperanza! Los que redactamos *La Cuña* y con nosotros los centros y sociedades obreras y el obrero coruñés en general, sentimos un inmenso placer al hacer pública manifestación de nuestro agradecimiento, por el desinteresado amor que por la verdadera cultura e ilustración de la clase obrera han demostrado los jóvenes de la *Universidad Popular* en su nobilísimo apostolado"⁴⁹.

Na memoria do ano escolar 1906-1907 anúnciase para o seguinte a organización de cursos de Aritmética, Xeometría, Debuxo xeométrico ornamental, Xeografía Nacional, Anatomía, Fisioloxía e Hixiene, Física e Cosmografía. Sen embargo, as realizacións do segundo curso foron moito máis discretas, debido tanto ás limitacións na oferta como á falla de inscrición dos propios obreiros:

"Por esto no podemos nosotros lisonjearnos de haber logrado en nuestros cursos el éxito que en un principio nos prometimos. Tres organizamos: el de Aritmética, de Gramática y de Dibujo geométrico. Inscribiéronse en cada uno de ellos numerosos obreros; pero sólo fueron constantes" los concurrentes al último, carpinteros en su mayoría. Los cursos de Aritmética y Gramática fue preciso suspenderlos, no mucho después de inaugurados, porque de los numerosos alumnos inscriptos muy pocos concurrían a las clases, y aun estos, en su mayor parte, no con la asiduidad necesaria para hacer fructífera la labor docente"⁵⁰.

A pesar de todo, a Universidad Popular continuou impartindo cursos de dúas ou seis horas á semana de varias materias: Aritmética en varios graos, Xeometría, Debuxo xeo-

⁴⁸ "La universidad Popular", *La Voz de Galicia* (19-VI-1912)

⁴⁹ UNIVERSIDAD POPULAR DE LA CORUÑA: *Memoria del curso de 1907-1908*, A Coruña, 1908, p. 11.

⁵⁰ *Ibidem*, p. 8.

métrico, Caligrafía, Ortografía e Redacción, Francés, Inglés, etc⁵¹. Non está de máis advertirmos que un dos profesores encargados destes cursos foi Uxío Carré Alvarellos:

“Nos tempos da Universidade Popular dá clases de aritmética e de ortografía no Centro Socialista, que estaba na rúa do Orzán, e pasa a formar parte das Xuventudes Socialistas das que era presidente Severino Chacón⁵².”

Se ben os directivos da Universidad Popular recoñecían que estes cursos eran “lo más práctico y útil” para os obreiros, comezaron o seu labor de extensión cultural organizando ciclos de conferencias no Centro de Estudos Sociais “Germinal”, en La Emancipación e na Sociedad de Canteros, continuando deste xeito a tradición dos incansables propagandistas republicanos de esquerda Moreno Barcia e “médico” Rodríguez. Nas memorias dos dous primeiros anos constan tanto os nomes dos conferenciantes como os temas abordados:

| DATAS | CONFERENCIANTES | TITULOS |
|--------------|------------------------|---|
| 9-IX-1906 | Manuel Durán García | Presentación de la Universidad Popular |
| 9-IX-1906 | Alberto Insúa | Misión de la Universidad Popular |
| 13-IX-1906 | F. Martínez Morás | Evolución de la Tierra |
| 19-IX-1906 | S. Casares Quiroga | Orígen del hombre |
| 21-IX-1906 | Ignacio Loureda | El alma y el cerebro |
| 25-IX-1906 | Alberto Insúa | La acción política del pueblo |
| 12-X-1906 | Enrique Hervada | Alcoholismo |
| 14-X-1906 | Angel del Castillo | Constitución y propiedad de la materia |
| 24-X-1906 | Francisco Añino | Aritmética práctica |
| 28-X-1906 | Francisco Añino | Aritmética práctica |
| 9-I-1907 | Angel del Castillo | Arqueología |
| 11-I-1907 | José Seijo Rubio | Arte Antiguo (Egipto) |
| 16-I-1907 | José Seijo Rubio | Arte Clásico (Grecia) |
| 21-I-1907 | Manuel Monteagudo | El Arte como factor social |
| 24-I-1907 | José Seijo Rubio | Arte Clásico:Roma |
| 30-I-1907 | Angel del Castillo | Arquitectura:Estilo románico |
| 1-II-1907 | Angel del Castillo | Arquitectura:Estilo ojival y renacimiento |
| 6-II-1907 | Gerardo Abad Conde | Instinto e inteligencia |
| 15-II-1907 | Gerardo Abad Conde | Higiene |
| 20-II-1907 | J. Martín Martínez | Histología e Histoquimia |
| 22-II-1907 | J. Martín Martínez | Anatomía y Fisiología |
| 1-III-1907 | E. Suárez Ferrín | Educación |
| 8-III-1907 | Gerardo Abad Conde | Los microbios y la higiene |
| 11-III-1907 | Gerardo Abad Conde | Higiene de las bebidas |
| 27-III-1907 | Gerardo Abad Conde | Biología |

⁵¹ “La universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (19-VI-1912)

⁵² PICHEL LORENZO, Antonio. *Op. cit.*, p. 10

| DATAS | CONFERENCIANTES | TITULOS |
|--------------|---|---|
| 29-III-1907 | Gerardo Abad Conde | Litología |
| 11-IV-1907 | A. Suárez Ferrín | Consideraciones geográficas |
| 19-IV-1907 | Arturo Senra | Electricidad |
| 10-V-1907 | Francisco Añino | La geometría descriptiva con sus relaciones con las artes de construcción |
| 17-V-1907 | Uxío Carré Aldao | Telegrafía |
| 21-V-1907 | Uxío Carré Aldao | Telegrafía sin hilos |
| 28-V-1907 | E. Fernández Roel | Germinación y desarrollo de las plantas |
| 6-XI-1907 | Enrique Alvarez | Aplicaciones de la Geometría |
| 15-XI-1907 | A. Suárez Ferrín | Consideraciones geográficas Europa |
| 22-XI-1907 | José Seijo Rubio | Evolución del Arte (con proyecciones) |
| 29-XI-1907 | Angel del Castillo | Arquitectura medieval (con proyecciones) |
| 6-XII-1907 | J. Martín Martínez | Descripción anatómico-fisiológica del organismo humano |
| 8-XII-1907 | Enrique Hervada | Higiene de la Alimentación |
| 13-XII-1907 | J. Martín Martínez | Descripción anatómico-fisiológica del organismo humano |
| 18-XII-1907 | S. Casares Quiroga | Historia de las Asociaciones obreras en Espana |
| 20-XII-1907 | J. Martín Martínez | Descripción anatómico-fisiológica del organismo humano |
| 29-XII-1907 | S. Casares Quiroga | Historia de las Asociaciones obreras en Espana |
| 5-I-1908 | S. Casares Quiroga | Historia de las Asociaciones obreras en España |
| 7-I-1908 | Gonzalo Brañas | Espectro Solar-La teoría de los colores |
| 31-I-1908 | E. Suárez Ferrín | Asociaciones obreras de carácter económico |
| 7-II-1908 | Francisco Añino | Instituciones en favor del obrero |
| 9-II-1908 | F. Martínez Morás | Teoría del Gramófono (con audiciones) |
| 12-III-1908 | Rodrigo Sanz | Legislación obrera-Embargo de salarios |
| 29-IV-1908 | José Seijo Rubio, Sergio Andión e F. Martínez Morás | Lectura comentada ⁵³ |

⁵³ Extraemos esta relación de ESTRADA CATOYRA, Félix, *op. cit.*, pp. 214-215 e *Memoria...*, p.4.

No segundo curso, a asistencia media foi de 97 persoas por conferencia, pero obsérvanse notables diferencias en función do tema abordado ou da personalidade do conferenciante. Así, mentres ás tres intervencións de Casares Quiroga acoden 150, 100 e 125, á conferencia de Francisco Añino só asisten 40 oíntes; 240 son os que concorren á pronunciada polo colaborador Gonzalo Brañas, catedrático de Ciencias do Instituto. O retraimento resultou xa moi significativo cando os obreiros se decataron de que algún membro da Universidad Popular, non obstante a proclamada neutralidade político-relixiosa da institución, pretendía espallar nas suas fileiras a doutrina social burguesa, de aí que Rodrigo Sanz contase só con 60 persoas:

“Las conferencias comenzaron en medio del más vivo interés por parte de los obreros, que son los que componen siempre la mayor parte el auditorio. Hasta los últimos meses la concurrencia no bajó nunca de 50 personas, y muchas veces excedió de 100. Pero el día que debía pronunciar la conferencia sobre *Legislación Obrera-Embargo de salarios*, el público se abstuvo de tal suerte que fue preciso suspender aquella. Atribuyóse la abstención a causas circunstanciales que no rezaban con la Universidad; pero cuando se observó que desaparecidas esas causas, los obreros continuaban sin concurrir a controversias y visitas sino en escaso número, fue ya preciso investigar los verdaderos motivos del retraimiento para tratar de contrarrestarlos en cuanto de la Universidad dependiese⁵⁴.

Temos a sospeita de que a partir dese curso o número de conferencias debeu de ir diminuíndo de forma moi acusada. Cando Fernando Martínez Morás se ocupa das actividades da Universidad Popular no ano 1910, menciona só “varias conferencias”, ademais dos cursos e excursións⁵⁵. A fins de 1913, ao denunciar a ausencia de actividades de extensión cultural na Coruña, Antón Villar Ponte rexistra na súa famosa columna “Con letra del siete” a interrupción das conferencias da Universidad Popular:

“Hoy todo parece decaído: cesó la extensión *universitaria* de la Escuela Normal; cesaron las clases y conferencias, que, con tanto éxito, sostuvo el pasado curso la Escuela de Comercio; perdió la *Universidad Popular* el carácter educativo e instructivo, que inspiró en otros tiempos a institución tan simpática; no hay exposiciones de arte, donde pueda renovarse una serie de disertaciones interesantísimas; ni las Academias repiten apuellos magníficos cursos de conferencias, que despertaron en La Coruña una labor olvidada⁵⁶.

⁵⁴ UNIVERSIDAD POPULAR DE LA CORUÑA: *Memoria ...*, *op.cit*, p. 11.

⁵⁵ MARTINEZ MORAS, F.: “La cultura en Galicia/Balance de los progresos en 1910”, *La Voz de Galicia* (9-I-1911)

⁵⁶ “Un sensible estancamiento”, *La Voz de Galicia* (10-X-1913)

4.2. Excursións e visitas

En consonancia coa tradición ben asentada das universidades populares do resto de Europa, un medio de desenvolvemento da educación social de que se serviu a da Coruña foi a organización de excursións e mais visitas didácticas a monumentos, fábricas e centros docentes.

No curso 1906-1907, membros da Universidad Popular guiaron catro visitas aos templos da cidade, á Torre de Hércules, aos gabinetes de Física e Historia Natural y Técnica Agrícola do Instituto e á Granja Agrícola Experimental. Ao ano seguinte volveron a visitar os mesmos centros, incluíndo a Cátedra de Geografía do Instituto, rexida entón por Leopoldo Pedreira, a Escuela de Artes e Industrias, as fábricas de Gas, electricidade e tecidos de Molezún. En case todas as saídas, os obreiros, desde 18 a 100, foron acompañados dun grupo de alumnos da “Escuela laica” canda os seus profesores⁵⁷.

Polo que ás excursións se refire, se ben non se ha de descartar totalmente a influencia das políticas educativas da ILE⁵⁸, coidamos que a Universidad Popular se beneficiou sobre todo da experiencia acumulada coa “Sociedad Gallega de Excursiones”, constituída pola Real Academia Galega coa mesma finalidade cultural e patriótica das sociedades excursionistas fundadas en Cataluña desde o comezo da Restauración. Esta sociedade promovida pola RAG inaugurouse o 8 de setembro de 1907 cunha viaxe ao monte Bremao, organizada por Angel del Castillo con membros da Academia, da “Sección Ateneísta” do Circo de Artesanos e da propia Universidad Popular⁵⁹.

Para levar a cabo as excursións, a Universidad Popular coruñesa creou un “Grupo excursionista”, integrado “por tres individuos del mismo, generalmente obreros, encargados de la parte administrativa, y dos universitarios”⁶⁰, entre eles Angel del Castillo, o presidente. No primeiro curso viaxaron a Betanzos, onde se encargaron de impartir unha conferencia sobre o alcolismo. Visitaron Santiago de Compostela co gallo da Exposición Rexional de 1909, acudiron ao Arsenal de Ferrol, a Pontedeume e ao monte Xalo; a Lugo desprazáronse en 1912.

⁵⁷ UNIVERSIDAD POPULAR DE LA CORUÑA: *Memoria ...*, op.cit, p. 6-8.

⁵⁸ ORTEGA CANTERO, Nicolás; “La experiencia viajera en la Institución Libre de Enseñanza” en AA. VV.: *Viajeros y paisajes*, Alianza Universidad, nº 556, Alianza Editorial, Madrid, 1988, pp. 67-88.

⁵⁹ “Excursión al Bremao”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, nº 15 (20-X-1907), p.57.

⁶⁰ “La Universidad Popular”, *La Voz De Galicia* (19-VI-1912)

Nun primeiro momento, realizaron as viaxes cos aportes dos afiliados á Universidad Popular, pero tiveron que acudir ás subvencións do Estado, do Concello e da Deputación cando acometeron as dúas excursións de máis alento. O 23 de xuño de 1912, 80 excursionistas emprenden viaxe a Santander, Bilbao e San Sebastian nun vapor da Compañía Trasatlántica e en tren.

A Universidad Popular chegou a formar en Ferrol un grupo excursionista filial de 83 persoas, que visitaron os centros educativos e oficiais así como os monumentos da Coruña o 1 e 2 de agosto de 1915. Un grupo de excursionistas ferroláns tamén se incorporou á viaxe que Angel del Castillo dirixiu entre o 16 de novembro e o 1 de Nadal de 1913 a Madrid, Toledo, Zaragoza, Barcelona e Burgos; nesta ocasión o grupo estaba formado por unhas setenta persoas⁶¹. A última xeira da Universidad Popular de que temos constancia, é unha viaxe cultural ao mosteiro de Caaveiro, realizada o 22 de outubro de 1916⁶².

Cómpre sinalar que este cesamento das actividades da Universidad Popular coincidiu cronoloxicamente co intento de resurrección da Solidaridad Gallega con non poucos membros desta institución educativa. En efecto, tras a conferencia "O noso rexionalismo" que pronuncia Rodrigo Sanz o 21 de outubro de 1916 no Circo de Artesanos, organizada pola Irmandade da Fala⁶³, procurouse reconstruír a organización solidaria no banquete de homenaxe ofrecido ao avogado ferrolán no Palace Hotel ao día seguinte, no que falaron Casares Quiroga, Lugrís Freire, Manuel Durán García, Antón Villar Ponte, Francisco Catoyra e Luis Cornide⁶⁴. Constituíronse inclusive tres comisións: unha de acción (Casares Quiroga e Insa Santos), outra de estudos (Durán García, Lugrís Freire e Angel del Castillo) e unha terceira encargada de fundar un periódico (Villar Ponte, Eladio Rodríguez González e Santiago Casares Paz). O comité da nova Solidaridad estaría formado polos membros anteriores, con Rodrigo Sanz como presidente, Casares Quiroga como vicepresidente, Fernando Martínez Morás de secretario e Casares Paz de tesoureiro⁶⁵. A organización non foi adiante ao optar a nova formación nacionalista por unha liña independente e con pactos coa Lliga de Francesc Cambó, pero o certo é que o 29 de outubro de 1916 Manuel Durán García toma parte en representación da solidaridad no mitin e manifestación organizados por toda a oposición antimonárquica para protestar pola matanza de labregos en Nebra.

61 "Universidad Popular", *La Voz de Galicia* (16-XI-1913)

62 "Universidad Popular", *La Voz de Galicia* (20-X-1916)

63 "Una conferencia de Rodrigo Sanz", *La Voz de Galicia* (22-X-1916)

64 "Un agasajo", *La Voz de Galicia* (23-X-1916)

65 "La solidaridad Gallega", *La Voz de Galicia* (25-X-1916)

4.3. Publicacións

Nos momentos de entusiasmo, ao comezaren as actividades, a Universidad Popular chegou a aloumiñar a idea de formar unha *biblioteca circulante* para a que contaba a fins de 1908 cuns 383 volumes doados por particulares e institucións públicas, como o Instituto de Reformas Sociales, o Ministerio de Instrucción Pública e as reais academias de Ciencias Morales y Políticas e de Ciencias Exactas. Como a Universidad Popular non tiña sede de seu, os volumes desta malograda biblioteca foron gardados nun armario cedido polo Circo de Artesanos, do que eran socios os membros da nova institución cultural.

O que si deu constituído foi unha colección de folletos didácticos co rubro de “Biblioteca de la Universidad Popular de La Coruña”. Nestas publicacións pódese apreciar tanto a orientación ideolóxica da Universidad como a súa vontade de intervención social, xa que case todos os folletos corresponden a conferencias pronunciadas polos seus membros ou colaboradores ao longo de sete anos:

- 1 • RODRIGO SANZ: *El nuevo patriotismo* , 1907
- 2 • ENRIQUE HERVADA: *La alimentación*, 1907
- 3 • ENRIQUE HERVADA: *Las enfermedades venéreas* (1908?)
- 4 • JOSE MARIA HERNANSAEZ: *Los árboles su utilidad, fomento y protección*, editado con *El Arbolado y la Fiesta del Arbol* de JOAQUIN COSTA, 1911
- 5 • *Portafolio de Galicia*, 1913
- 6 • ENRIQUE HERVADA: *La alimentación del sano y del enfermo*, 1914
- 7 • JUAN ROF CODINA: *La ganadería como riqueza y factor de bienestar social*, 1914
- 8 • JOSE MARIA HERNANSAEZ *Piscicultura*, 1914

Estas publicacións repartíanse gratuitamente; os dous primeiros folletos do doutor Hervada coñeceron tres edicións, e a conferencia de Hernansáez tivo unha tiraxe de 7.200 exemplares. Pero nesta relación de títulos chama a atención a repetición de autores e, sobre todo, a ausencia dos escritores que formaban parte da Universidad Popular. O primeiro texto corresponde á conferencia que Rodrigo Sanz leu o 12 de maio de 1907 no salón do Circo de Artesanos co patrocinio da Academia de Bellas Artes. A disertación fóralle solicitada por Andrés Martínez Salazar, socio das dúas institucións, e os membros da Universidad Popular reclamáronlla para inaugurar a “Biblioteca”. O “*nuevo patriotismo*” a

que se refire o ensaísta ferrolán, está referido a España, pero desde unha perspectiva rexeneracionista e crítica co réxime canovista, de aí que non faltasen desaprobacións entre o auditorio.

“Aun cuando el Sr Sanz no logró contentar a todos, pues su conferencia más que de divulgación científica y artística ha sido un discurso de ideas avanzadas, más propio de un mitin que de una velada de sociedad, no obstante, dicho señor fue aplaudido y felicitado por muchos de sus oyentes”⁶⁶.

O ensaio de Rodrigo Sanz inscríbese cabalmente na tradición costista, pois acolle algunhas ideas-forza acuñadas polo pensador de Graus para saír do “desastre” de 1898, co conseguinte cambio de rumbo na interpretación da tradición histórica española:

“...No, señoras y señores míos: es evidente que aún no hemos despertado del todo. Cuando al dolor de la derrota última clamamos de todas partes ¡*regeneración!*!, una voz salió para orientar estas vagas ansias que dijo: ¡*europaización!*! Bien está; pero falta el otro punto de la línea-eje que ha de orientarnos. Ese será el Norte, pero falta el centro, el pivote de nuestra brújula. Y hay que agregar otra voz: ¡*españolización!*!, y sobre todo hay que comprenderla, laborar hondamente por que la comprendamos. Porque españolismo, señores, es en muchas cosas, es en lo esencial, lo contrario de lo que hasta hoy se nos ha enseñado. Tiene que ser así, fijaos, porque lo que se nos enseñaba era antiespañolismo, era letargo, inhibición del alma española. Españolismo es libertad de gobierno municipal y regional, adaptada, sí, a la vida moderna, sin privilegios de soberanía, pero en sustancia como la que nos mataron los Austrias. Españolismo es libertad de creencias, convivencia de Iglesias, adaptada también a los tiempos, sin privilegio de ninguna, pero en sustancia como la que nos quitaron los Austrias”⁶⁷.

Cando viu a luz *El nuevo patriotismo*, o sector galeguista que se integraría en Solidaridad Gallega eloxiouno sen reservas, cualificándoo de “estudio hermoso y verdaderamente acabado”⁶⁸. Non está de máis advertir que este rexeneracionismo de Rodrigo Sanz sería ben salientado por Vicente Risco nunha breve pero matizada semblanza que lle dedica a pouco de ser elixido o ferrolán “xefe” do movemento das Irmandades, na asemblea de marzo de 1918, a proposta de Federico Zamora:

“No camiño da aución ten unha historia de traballador calado. As primeiras sociedades agrarias, a fenecida Solidaridad gallega y-a actual aución rexionalista débennle seu nacemento. E o único sociólogo práctico que hai en España, e ten entre os que o conocen y-o ademiran o prestixio dun verdadeiro Pio Cid, do que agardamos a organización do reino de Maya nesta Galicia irre-

66 “Una conferencia”, *Revista Gallega* (19-V-1907)

67 SANZ, Rodrigo: *El nuevo patriotismo*, pp. 24-25

68 “El nuevo patriotismo”, *A Nosa Terra* (11-IX-1907)

denta. A súa mentalidá solo ten parentesco cun deses homes de inmenso corazón que sintiron fundamente as desgracias da patria e xemeron con forza ou sinón con amargura. Rodrigo Sanz é un home de estirpe dos Costa, dos Macías Picavea, dos Ganivat e dos Silverio Lanzas. Rodrigo Sanz foi dos do 98 e dos *preocupados* -como dixera Xenius- da revista *España*. Pero el vira que mentras que os homes de sensibilidade extrema rian ou xemían, outros homes de voluntá forte alá en Cataluña daban á España o exemplo, creando unha patria vigorosa, rica e plena: eran Prat de la Riba, Puig y Cadafalch, Cambó. E Rodrigo Sanz desexou o mesmo pra Galicia. E velo e aquí está”⁶⁹.

Análoga orientación costista é a que anima o folleto *Los árboles. Su utilidad, fomento y protección*, que corresponde á conferencia pronunciada o 16 de abril de 1911 polo catedrático de Agricultura do Instituto José María Hernansáez:

“Como introducción al notable trabajo del Sr. Hernansáez, nos ha parecido pertinente insertar fragmentos de un hermosísimo artículo, escrito en sus últimos años de vida, por el inolvidable Joaquín Costa, cuyo espíritu coincide con el del trabajo del distinguido Catedrático de esta ciudad”⁷⁰.

Tratábase, en concreto, do artigo “Arbolado y fiesta del árbol”, publicado en *Heraldo de Aragón* o 13 de agosto de 1900. Como consecuencia inmediata da conferencia de Hernansáez, ese mesmo ano constitúese na Coruña a sociedade *Amigos de los árboles*, presidida polo mesmo catedrático, que ha ter unha actuación destacada na celebración da “Fiesta del árbol” con miles de alumnos das escolas primarias da cidade herculina en 1912 e 1913. Na sesión do 29 de xaneiro deste último ano foi o propio Concello o que acordou cooperar con *Amigos de los árboles* na organización da festa da árbore coa edición nun folleto do texto integro de Joaquín Costa⁷¹.

Esta influencia ideolóxica do costismo nalgúns concelleiros republicanos novos da Coruña, nos que o nacionalismo español non era incompatible coa colaboración cos galeguistas polo rexeitamento común do caciquismo do sistema canovista, tamén queda ben de manifesto no acordo adoptado na sesión do 12 de febreiro de 1913:

“Aprobar una proposición del señor Teniente de Alcalde D. Joaquín Martín Martínez, para dirigirse a los Ayuntamientos de todas las demás capitales de provincia de España instándoles a realizar una suscripción entre todos los Municipios españoles, encabezándola los de las capitales y promoviéndola entre los de sus respectivas provincias para facilitar la edición económica de las

⁶⁹ RISCO, Vicente: “Figuras do rexionalismo/D. Rodrigo Sanz”, *La Región* (8-III-1918)

⁷⁰ Nota introductoria a HERNANSAEZ, José María: *Los árboles. Su utilidad, fomento y protección*, 1911, p.3

⁷¹ *Boletín del Ayuntamiento de La Coruña*, xaneiro, 1913, p.5.

obras completas del ilustre polígrafo D. Joaquín Costa, que viene llevando a cabo con lentitud y penuria su hermano D. Tomás Costa, recibiendo cada Ayuntamiento el importe de la suscripción en libros que podrán distribuir entre las escuelas nacionales y privadas y las bibliotecas, con lo cual se ayudará a la obra de patriotismo y de cultura popular, de difundir las doctrinas y enseñanzas de aquel insigne pensador”⁷².

Outro dos colaboradores da Universidad Popular foi un dos persoeiros que máis contribuíron á modernización técnica do agricultor galego Juan Rof Codina, presidente de *Amigos de los árboles* tras a marcha a Murcia de José María Hernansáez, aínda que recoñecía que era o venerable Manuel Insua Santos, á súa vez presidente de Los Amantes del Campo, quen máis pulo daba á organización. O texto publicado por este inspector de hixiene pecuaria e sanidade veterinaria corresponde á conferencia dada en “La Emancipación” o 10 de marzo de 1914.

Non pode sorprender que o membro da Universidad Popular que con máis folletos contribuíu ás “Publicaciones” desta institución fose o doutor Hervada de termos en canta a súa condición de publicista e divulgador de temas médicos nas páxinas de *La Voz de Galicia*, primeiro coa columna “Ocios de un médico”, en torno ao ano 1906, e logo “Crónicas médicas de *La Voz de Galicia*” a fins da década dos vinte. *Las enfermedades venéreas*, que aparece sen data, debeu consistir con toda probabilidade no texto da disertación “Higiene de las enfermedades secretas” que pronunciou no local de “La Emancipación” o 23 de outubro de 1908 como conferencia inaugural do curso 1908-1909. A súa a tese de doutoramento, presentada en Madrid en 1916, titulouse *Sífilis ignorada*. A divulgación de temas alimentarios que emprendeu Enrique Hervada na Universidad Popular foi retomada por “médico” Rodríguez, que publicou na prensa moitos capítulos da obra *Cocina para enfermos, sanos y débiles*, pero morreu antes de editala en volume, aínda que xa corrixira probas do prólogo.

Coa finalidade de fomentar o turismo cara á Coruña, a Universidad Popular editou un número extraordinario do *Portafolio de Galicia* con dezaoito fotos de monumentos e paisaxes de Galicia para repartíreno na excursión de novembro de 1913 a Madrid e Barcelona⁷³. Cómpre engadirmos que a “Sección Excursionista” tamén publicou varios *Impresos* didácticos dos monumentos galegos visitados.

⁷² *Boletín del Ayuntamiento de La Coruña*, febreiro, 1913, p.3.

⁷³ “Universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (7-XI-1913)

5. Relacións e actos extrauniversitarios

Ao comezar o curso 1907-1908, a Universidad Popular da Coruña púxose en contacto coas existentes en España e con algunhas do estranxeiro, conseguindo deste xeito que a de Saint-Gilles de Bruxelas lle remitise os boletíns mensuais das súas actividades. Aínda que na fundación non carece de importancia o modelo da Universidad Popular de Madrid, o grupo de Oviedo, precisamente o núcleo iniciador da extensión universitaria en España, foi o que exerceu unha maior influencia sobre a da Coruña tanto polas relacións institucionais como polos contactos intelectuais que mantiveron durante anos. A memoria do segundo curso dános xa conta delas:

“La Extensión Universitaria de Oviedo nos hizo el honor de invitarnos a concurrir a las fiestas allí celebradas en conmemoración del tercer centenario de la fundación de aquella gloriosa Universidad. Imposibilitados de concurrir personalmente, hubimos de delegar en el Sr. D. Gonzalo Brañas, catedrático del Instituto de Oviedo, quien aceptó y ostentó amablemente la representación de esta colectividad en el aludido acto. Asimismo tuvimos la honra de ser invitados a tomar parte en la Asamblea de instituciones de cultura organizada por aquella ilustre corporación. Estuvimos en ella representados, con gran satisfacción nuestra, por el mismo Sr. Brañas, quien dio a conocer a la Asamblea una breve Memoria de nuestra labor en los dos años de vida que cuenta esta Universidad, trabajo que enviamos a indicación de la Extensión Universitaria de Oviedo; teniendo también el contento de saber que las bases presentadas a discusión por esta junta fueron aprobadas por unanimidad en la Asamblea”⁷⁴.

Co gallo da marcha do profesor Altamira á Arxentina, o 13 de xuño de 1909, como presidente da Universidad Popular, Fernando Martínez Morás envioulle este telegrama de despedida: “Rafael Altamira.-Vigo- Universidad Popular Coruña saluda entusiasta propulsor Extensión universitaria, ilustre maestro, y deséale éxitos incontables en su misión fuera de España”⁷⁵.

O 30 de marzo de 1910, o Concello da Coruña en coordinación coas sociedades de recreación e cultura organiza unha grande recepción a Altamira ao chegar ao porto o trasatlántico alemán que o traía desde A Habana. As principais autoridades civís e os intelectuais da cidade acudiron a cumprimentalo a bordo: “La Universidad popular puede decirse que concurrió en pleno, y ello fue nota que satisfizo mucho al ilustre viajero”⁷⁶.

⁷⁴ *Memoria...*, *op.cit.* p.9.

⁷⁵ “Rafael Altamira”, *La Voz de Galicia* (13-VI-1909)

⁷⁶ “Honrando al maestro”, *La Voz de Galicia* (31-III-1910)

No discurso que pronuncia na recepción na Casa do Concello, xa se aprecia o interese de Altamira, típico representante do nacionalismo español liberal conmovido polo desastre do 98, en que en Galicia non se desenvolvese un movemento de emancipación nacional como o catalán. Así, ve con agrado a situación de diglosia a que estaba sometida a lingua galega:

“Pintó a Galicia, heroica, patriótica, a la vanguardia de toda idea noble, cumpliendo generosa su deber en todo momento histórico.

Es como yo -dijo-. Enseño el valenciano a mis hijos, pero les enseño también que ante todo está España. Y eso hacéis vosotros.

La despedida fue elocuentísima y sobria”⁷⁷.

En calidade de Director General de Primera Enseñanza, Rafael Altamira bota na Coruña os días 11, 12 e 13 de setembro de 1913 a visitar centros de ensino e os locais das escolas públicas e recibindo comisións. A Universidad Popular, que o obsequia o último día cunha cea, convidao a pronunciar a conferencia “Las formas de cultura popular” no salón de actos do Circo de Artesanos. Parte da intervención de Altamira estivo centrada en sinalar o programa educativo das universidades populares:

“Extiéndese luego en consideraciones generales acerca de la obra que debe realizar la Universidad Popular, y juzga que una de sus primordiales labores debe ser la de “enseñar a leer”, entendiendo por “leer”, no la materialidad de saber juntar las letras, sino la adquisición de aptitud suficiente para compenetrarse con los pensamientos del autor, y hacer que nuestro espíritu vibre al unísono con el suyo. Enseñar a leer es hacer que nuestros hermanos aprendan a gozar las íntimas satisfacciones que la lectura proporciona.

Hay que destruir la vulgar creencia de que las grandes obras no pueden ser comprendidas sino por gentes de alta cultura. Yo he comprobado -sigue el señor Altamira- que las obras de Homero, del Dante, de Shakespeare pueden ser comprendidas por los humildes, porque los grandes genios no escriben para un determinado número de elegidos, sino para la humanidad entera.

Otra de las labores de la Universidad Popular ha de ser la de incitar al individuo a la admiración de las espléndidas bellezas de la naturaleza, pues ella es la que nos da las grandes lecciones de belleza y humildad.

Además, las excursiones al campo contribuyen grandemente a fomentar la virtud social del respeto mutuo y a estrechar la cordialidad que debe reinar entre los hombres; y esta labor es importantísima, pues en la vida del hombre lo esencial no es la sabiduría, ni la cultura; antes que ellas está la bondad, la armonía con nuestros semejantes, la amable convivencia con todos los que nos rodean.

⁷⁷ *Ibidem*.

Después de seguir explicando el programa que deben seguir las entidades que, como la Universidad Popular, tienden a la vulgarización científica, terminó su discurso ofreciéndose incondicionalmente para ayudar al pueblo de La Coruña a desarrollar las grandes iniciativas culturales que tiene en perspectiva y que seguramente ha de llevar a cabo, pues los encargados de realizarla están dotados de una enérgica voluntad, ante la cual todos los obstáculos son nulos⁷⁸.

Aproveitando que o 21 de xuño de 1917 Altamira acode coa súa dona á Coruña para despedir á súa cuñada, que embarcaba para Bogotá, mantén con el unha longa entrevista un grupo de profesores da Escola de Comercio, entre os que se achaban os membros da Universidad Popular Abad Conde, Fernando Martínez Morás e Jacobo Casal. Ao día seguinte, Altamira pronuncia no Círculo de las Artes de Lugo a conferencia titulada “Deberes de nuestro patriotismo”, como corresponde á fase de intensificación do nacionalismo español ante a crise de 1917. Un documento xurdido deste nacionalismo de Estado é o artigo “La escuela nacional”, publicado en *Boletín Escolar* o 2 de xuño dese ano e reproducido en moitos xornais; nel recomendaba “orientar la función pedagógica de la escuela hacia ese patriotismo español, indicando concretamente los elementos que para ello se pueden utilizar en todas las enseñanzas, y vigilar para que se cumpla o contra eso no se labore⁷⁹”.

Ao reeditar a segunda edición de *Psicología del pueblo español* en agosto de 1917, Altamira vai facer mención da actividade educativa das universidades populares da Coruña e, sobre todo, de Madrid:

“El movimiento de la Extensión Universitaria propiamente dicha produjo también instituciones extrauniversitarias de análogos fines, como la Universidad de Coruña y la de Madrid, cuya labor instructiva, realizada con un público numeroso (especialmente femenino) de obreros y baja clase media, nunca se alabará bastante⁸⁰”.

Case tan reveladores da orientación ideolóxica dos membros da Universidad Popular como estas relacións cos institucionistas de Oviedo e con Rafael Altamira foron, sen dúbida, dous actos de masas extrauniversitarios en que tomaron parte como institución. Referímonos á homenaxe a Arturo Casares no cemiterio civil e ao enterro de Curros Enríquez. O irmán de Santiago Casares Quiroga morrera o 5 de outubro de 1903 con 27 anos e constituía con razón a maior esperanza do republicanismo coruñés de esquerdas,

⁷⁸ “Cultura popular”, *El Eco de Galicia* (20-X-1909)

⁷⁹ ALTAMIRA, Rafael: “La escuela nacional”, *Gaceta de Galicia* (26-VI-1917). Sobre o nacionalismo español de Altamira, vid. VARELA, Javier: *La novela de España*, Taurus, Madrid, 1999, pp. 97-104.

⁸⁰ ALTAMIRA, Rafael: *Psicología del pueblo español*, Biblioteca Nueva, Madrid, 1997, p.182.

xa que avogaba pola socialización dos ideais políticos republicanos aliándoos coas aspiracións das clases subalternas da cidade e do campo. A súa ascendencia sobre os sectores populares da Coruña non derivaba tanto da súa brillante oratoria como do feito de que se encargara como avogado da defensa das sociedades obreiras nos procesos que seguiron ao motín de consumos de maio de 1901. O 23 de febreiro de 1908, a Universidad Popular en pleno acudiu á manifestación organizada pola Juventud Republicana, pero á que asistiu tamén a Agrupación Socialista e, sobre todo, as sociedades obreiras de obediencia anarcosindicalista:

"Compañía (a manifestación) muy cerca de mil personas, la mayoría de ellas obreros de todos los gremios. Conducidas por varios proletarios iban delante de la manifestación cuatro grandes coronas de flores naturales dedicadas a Arturo Casares por el Colegio Budén, *Universidad Popular*, Grupo de jóvenes republicanos librepensadores y D. José Martínez Fontenla"⁸¹.

No cemiterio fixo uso da palabra o presidente da Universidad Popular José Seijo Rubio, Benigno Barrós en nome da mocidade republicana e Eladio Fernández Diéguez, concelleiro republicano e director do xornal *Tierra Gallega*.

As honras fúnebres que o 2 de abril de 1908 lle rendeu ao autor de *Aires da miña terra* o pobo coruñés, constitúen de certo un fito nas manifestacións cívicas da cidade herculina de principios de século. No cortexo estivo presente "la Universidad Popular en pleno con su presidente Sr. Seijo Rubio"⁸², que tamén a vai representar na velada literaria en homenaxe a Curros que ten lugar ao día seguinte no Teatro Principal.

En representación da Universidad Popular figura tamén Seijo Rubio na procesión cívica do 31 de maio de 1908 organizada polas autoridades para conmemorar o levantamento contra os franceses. Desde a Casa do Concello dirixiuse por varias rúas ata a Praza da Constitución, onde foi descuberta unha lápida cun texto redactado polo cronista da Coruña Andrés Martínez Salazar⁸³.

As crónicas xornalísticas que deron conta do enterro de Eduardo Pondal na Coruña, o 11 de marzo de 1917, fixeron mención así mesmo da Universidad Popular entre as corporacións representadas na comitiva fúnebre, pero a verdade era que como institución cesara en todas as actividades educativas desde había meses, sen dúbida como conse-

81 "La manifestación del domingo", *La Voz de Galicia* (25-II-1908)

82 "Curros Enríquez", *La Voz de Galicia* (3-IV-1908)

83 "La procesión cívica", *La Voz de Galicia* (2-VI-1908)

cuencia do novo ciclo de intensa conflictividade social desencadeada polas repercusións económicas da I Guerra Mundial.

6. A refundación da Universidad Popular

A iniciativa da reorganización da Universidad Popular da Coruña correspondeu ao alcalde da Ditadura Militar, Manuel Casás Fernández, quen convocou no salón de sesións do Concello unha xuntanza o 1 de Nadal de 1926: "Concurrieron más de un centenar de personas, profesores, abogados, médicos, arquitectos, comerciantes e industriales, escritores y periodistas y una calificada representación del elemento obrero"⁸⁴.

Nesa reunión designábase xa unha comisión encargada da refundación da Universidad Popular, que constitúen os antigos presidentes, os líderes obreiros Benito Couceiro e Ernesto Villaronte, baixo a presidencia da profesora Mercedes Tella. Pero os meses pasaron sen progresos na organización, se cadra pola condición *upetista* da directora da Escola Normal de mestras da Coruña. O 10 de maio de 1927 son aprobados os estatutos elaborados por Angel del Castillo e Fernando Martínez Morás, e o día 28 nunha nova xuntanza na Cámara de Comercio constitúese oficialmente a Universidad Popular co nomeamento da primeira directiva: Angel del Castillo (presidente), Antón Villar Ponte (vicepresidente), Manuel Monteagudo (secretario), Jacobo Casal Rey (tesoureiro) e Juan González del Valle (bibliotecario)⁸⁵. O 10 de outubro de 1928 renóvase a dirección co paso de Jacobo Casal á secretaría e a incorporación dos doutores Eliseo Sáñez Otero e Plácido Peña Novo para os postos de tesoureiro e bibliotecario, respectivamente⁸⁶. Este mesmo equipo directivo permanecerá ata a desaparición definitiva da Universidad, a mediados de 1930.

De acordo cos estatutos da Universidad Popular, os principios que informan o seu labor docente nesta segunda son idénticos aos do primeiro decenio, pois tiña "por misión procurar el avance de la cultura especialmente entre las clases modestas de la sociedad"⁸⁷;

⁸⁴ "La Universidad Popular", *La Voz de Galicia* (2-XII-1926)

⁸⁵ "Acta de Constitución de la 'Universidad Popular' de La Coruña" en Archivo del Reino de Galicia, Gobierno Civil, *Carp. 6/2531 (1913-1940)*. Debo esta documentación á xenerosidade de Ernesto Vázquez Souza.

⁸⁶ Comunicación de Angel del Castillo do 2-X-1928 dirixida ao Gobierno civil en Archivo del Reino de Galicia..., *op. cit.*

⁸⁷ *Estatutos de la Universidad Popular de La Coruña*, Imprenta Moret, A Coruña, 1927, p.3.

aparece ben salientado así mesmo o neutralismo en materia político-relixiosa e as actividades comprenderían de novo cursiños, conferencias, visitas didácticas e excursións. Sen embargo, a desarticulación política do combativo movemento obreiro coruñés durante a Ditadura de Primo de Rivera explica que os *universitarios* se desentendesen de vez dos cursiños e das conferencias de divulgación cultural nas sedes dos sindicatos. Agora as disertacións teñen xa un alto nivel intelectual e van dirixidas, fundamentalmente, a sectores cultos da burguesía e pequena burguesía, polo que a Universidad Popular fai as veces dun Ateneo. O propio presidente debía ser ben consciente deste cambio, pois no aninovo de 1929 dá a coñecer un comunicado para pór de manifesto as actividades aínda non emprendidas pola organización:

“A este efecto, y sin abandonar las conferencias de vulgarización ni aquellas que, en cierto plano, pudieran aparecer con un carácter, nunca desatendible, de especialización y elevada doctrina, aspira la Directiva que inmerecidamente presido, a conceder el máximo interés a los cursillos de dichas enseñanzas, a la pronta organización de una biblioteca circulante y a las excursiones y visitas a donde haya algo que admirar o que aprender, para lo cual, y sin dejar de concentrar el interés que merece, en el proyecto de excursión a la Exposición de Sevilla y a las ciudades de Córdoba y Granada, que tanto esfuerzo económico requiere, tiene el propósito de organizar una serie de pequeñas excursiones por Galicia”⁸⁸.

Importa advertir que a vicepresidencia que asume agora Antón Villar Ponte, garda relación coa intensa campaña de prensa a prol da Universidad Popular ao longo dos anos 1926-27 desenvolta por el na columna anónima “Temas de interés” da páxina de información sobre A Coruña de *El Pueblo Gallego* de Vigo. Nalgúns artigos seus xa se percibe unha gabanza descontextualizada da primitiva Universidad, pero nunca incidirá nas grandes diferencias entre as actividades dos dous períodos. Co paso de vinte anos desde a fundación da primeira Universidad Popular, é lóxico atoparmos como asociados a figuras representativas da nova promoción de políticos, profesionais e intelectuais da Coruña, como Xosé Calviño Domínguez, Manuel Iglesias Corral (1901-1989), Santiago Rey Pedreira (1902-1977), Francisco Vales Villamarín (1891-1982), José Sánchez Mosquera, Plácido Peña Novo, Juan González del Valle, etc.

Ao igual que na primeira etapa, a Universidad Popular móvese cunha grande escasez de medios; os ingresos no primeiro curso ascenderon a 802'85 pesetas e no segundo a 726'70, pero os gastos ocasionados por todas as conferencias celebradas nese período

⁸⁸ CASTILLO. Angel (del): “Universidad Popular”, *La Voz de Galicia* (1-I-1929)

eleváranse a 766'8 ptas. Durante a alcaldía de Manuel Casás, o Concello da Coruña aproba unha subvención á Universidad Popular, mais non chegou a concedela. No curso 1927-28 a Deputación Provincial ofreceu unha axuda de 246 ptas.

Ao longo dos tres anos que estivo en funcionamento nesta segunda etapa, a Universidad Popular coruñesa non deu organizado máis ca 20 conferencias. Os disertantes servíronse preferentemente da tribuna burguesa do Circo de Artesanos; en cambio, Angel del Castillo desprazouse a unha institución cultural da periferia, como era o Liceo de Monelos; para que tivesen cabida todos os admiradores de Roberto Novoa Santos e Angel Ossorio y Gallardo, a organización tivo que contar co local do Teatro Rosalía Castro. Que nós saibamos, soamente foron publicados en folletos os textos das intervencións de Rey Pedreira, Ricardo Baeza e Pérez Hervada. Velaquí as conferencias organizadas nos anos 1927-29:

ELISEO SANDEZ OTERO: "La avariosis". (11-VI-1927)

ENRIQUE HERVADA: "Lo que vemos por los rayos X" (15-X-1927)

JOAQUIN GARCIA LABELLA: "Municipalización de los servicios públicos" (19-XI-1927)

ROBERTO NOVOA SANTOS: "El sentimiento eufórico de la vida y el sentimiento de la enfermedad" (30-XII-1927)

JOSE LOPEZ MARTINEZ: "Es necesario que la mujer intervenga en la lucha contra determinadas enfermedades" (18-I-1928)

FRANCISCO REY BARRAL: "Evolución de las máquinas motrices y la organización moderna del trabajo en las grandes industrias" (4-II-1928)

RICARDO BAEZA: "Clasicismo y romanticismo" (10-II-1928)

RAMON OTERO PEDRAYO: "Curros Enríquez" (10-III-1928)

LUIS RECASENS SICHES: "Subsuelo filosófico de las ideas políticas" (31-III-1928)

PAULINA LUISI: "La comisión de protección a la infancia y a la juventud en la Sociedad de Naciones" (14-IV-1928)

EDUARDO PEREZ HERVADA: "Los nerviosos" (5-V-1928)

MANUEL SANCHEZ MOSQUERA: "Las cegueras evitables" (2-V-1928)

LUIS MAYOR MORENO: "La economía política y la paz de los pueblos" (14-VI-1928)

JOAQUIN GARCIA LABELLA: "En torno de la crisis del liberalismo" (8-XI-1928)

ELOY LUIS ANDRE: "Españolismo y galleguismo" (15-XI-1928)

SANTIAGO REY PEDREIRA: "Un tema de urbanismo" (20-XII-1928)

ANGEL OSSORIO Y GALLARDO: "Apreciaciones políticas para lo porvenir" (II-I-1929)

URBANO LOSADA MARTINEZ: "El problema del cáncer" (18-I-1929)

ANGEL DEL CASTILLO: "Lección de cosas" (25-I-1929)

JOAQUIN MARTIN MARTINEZ: "El IV Congreso internacional de ciudades y el resurgimiento de la ciudad en España" (5-V-1929)

Nesta simple relación pode apreciarse ben a atención prestada pola Universidad Popular á divulgación de temas de Medicina, desde a intervención do doutor Hervada, un dos organizadores na Coruña das "Jornadas Médicas Gallegas" en agosto de 1929, ata Urbano Losada, entón profesor axudante da cátedra de Obstetricia e Xinecoloxía da Facultade de Medicina de Santiago de Compostela. Sen embargo, a intervención máis esperada foi a de Nóvoa Santos, tras a consecución da Cátedra de Patología Médica da Universidad de Madrid. Para que accedera a dar unha conferencia na Coruña, visitaran o doutor en Santiago o alcalde López Companioni, Antón Villar Ponte e A. del Castillo. De feito, a homenaxe tributada ao ilustre doutor non pode ocultar a exaltación da fuga de cerebros por parte das elites intelectuais e políticas de Galicia. Polo que se refire á temática política, cómpre subliñar a intervención dos dous profesores da Facultade de Dereito de Santiago; o catedrático de Dereito Natural Luis Recaséns Siches e o catedrático de Dereito Administrativo Joaquín García Labella apoiaron o movemento da FUE e exerceron verdadeira influencia na promoción dos estudantes formados nos anos da Ditadura (Carballo Calero, Santiso Girón, Luís Seoane...). O granadino García Labella sería o primeiro gobernador civil da II República na Coruña e o profesor Recaséns sería deputado cunheiro pola provincia de Lugo nas fileiras do Partido Republicano Conservador de Miguel Maura. A conferencia "El porvenir del liberalismo" hai que inserila no contexto xeral de resistencia á Ditadura primorriverista: son os meses en que *El Liberal* de Madrid mantén aberta unha enquisa na que participan as máis importantes personalidades políticas do momento.

Enorme expectación provocou na Coruña a conferencia do ex-ministro maurista Ossorio y Gallardo, na oposición activa desde o seu encarceramento pola Ditadura. Chegara á cidade herculina como mantedor dun "Certamen del Ahorro" organizado pola Federación de Caixas de Aforro de Galicia; a conferencia prevista nun primeiro momento fora "Las reformas de la Justicia", sobre o cambio de Código Penal de 1870 polo do minis-

tro da Ditadura Galo Ponte, pero acabou substituíndoa por unha análise das bases sobre as que se debería organizar unha política conservadora e constitucional para cando desaparecese o réxime pretoriano do Marqués de Estella.

A temática galega só foi abordada polos profesores ourensáns Otero Pedrayo e Luis André. A conferencia sobre Curros inscribíase na serie de actos da homenaxe anual ao poeta de Celanova instituída no Circo de Artesanos por Manuel Casás en 1913. O tema da conferencia de Luis André representa ben a súa singularidade no panorama intelectual do momento, pois se este catedrático de Filosofía do Instituto Cardenal Cisneros de Madrid é un marxinado no ámbito español pola oposición sectaria da ILE e o seu enfrontamento a Unamuno, tampouco se integraría no movemento nacionalista das Irmandades, se ben algúns representantes da liña liberal e progresista como Villar Ponte e Roberto Blanco Torres lle profesaban grande admiración.

Nesta segunda etapa, a Universidad Popular creou como asociación filial un "Grupo Excursionista". Aprobados os estatutos nunha asemblea celebrada no Circo de Artesanos o 18 de xuño de 1927, o "Grupo Excursionista" elixiu nove días máis tarde a súa primeira Directiva: Angel del Castillo, Manuel Monteagudo (director de excursións), Manuel Rodríguez Moret e Ernesto Villaronte Rodríguez⁸⁹.

A primeira excursión tivo lugar o 17 de xullo de 1927. Mais de 40 persoas, dirixidas polos membros da Universidad Popular Manuel Monteagudo, Lúgrís Freire e Eduardo Paredes, visitaron o mosteiro de Monfero. O "Grupo Excursionista" chegou a estudar a realización doutra a Vimianzo, Camariñas, Ponte de Porto e Cabo Vilán; sen embargo, a partir dese momento todos os seus esforzos se dirixiron a visitar a exposición Iberoamericana de Sevilla e a Internacional de Barcelona, inauguradas en 1929 como un dos logros da Ditadura do Marqués de Estella. En maio de 1930, o "Grupo Excursionista" estaba constituído por 125 membros "en su mayoría obreros y empleados de comercio e industria"⁹⁰. Ao cabo de dous anos deran recadado máis de 20.000 ptas., pero precisaron de subvencións do Concello, Deputación e Asociación Patronal. Aínda así, xurdiron diferencias entre os compoñentes, probablemente por motivos económicos, polo que determinaron dividirse en dous grupos: o primeiro marcha para Sevilla o 4 de maio para visitar logo a Exposición de

⁸⁹ Estados de contas presentados ao Goberno Civil o 7 de maio de 1930, En Archivo del Reino de Galicia..., *op.cit.*

⁹⁰ "Excursiones a las Exposiciones de Sevilla y Barcelona", *La Voz de Galicia* (25-I-1930)

Barcelona e o segundo sae para a Cidade Condal o día 11. Nesta capital unha das institucións a onde acoden todos xuntos é o Centre Excursionista de Catalunya⁹¹.

Cando o 25 e 26 de maio regresan á Coruña os expedicionarios da Universidad Popular, Angel del Castillo, daquela profesor axudante de Historia no Instituto, xa estaba a colaborar coa "Oficina Municipal de Información, Propaganda y Turismo" na realización dunha excursión a Sobrado dos Monxes, para a que redacta un folleto descritivo do mosteiro. Cómpre termos presente que, ao se constituír na Coruña o Comité Provincial de Turismo, o 25 de febreiro de 1929, Angel del Castillo é designado vocal, coa encomenda de redactar unha Guía da provincia, a editar polo Patronato Nacional⁹².

7. Cabo

Se a primeira etapa da Universidad Popular da Coruña remata en 1916 co intento de resurrección da Solidaridad Gallega entre republicanos e nacionalistas da Irmandade da Fala, a segunda fase desta institución educativa finaliza no momento en que se inicia o período de transición cara á II República; na Coruña os nacionalistas da Irmandade e os republicanos autónomos liderados por Casares Quiroga fundan a Organización Republicana Gallega Autónoma en outubro de 1929; a mediados de marzo de 1930 a ORGA promove no Pacto de Lestrove a Federación Republicana Gallega para integrar nun programa común a acción antidinástica dos diferentes núcleos republicanos espallados polas vilas e cidades de Galicia. Será na II República cando algúns dos antigos fundadores da Universidad Popular acaden as máis altas responsabilidades nas institucións da política local e mais da estatal, pero agora terán en fronte o activismo revolucionario dos anarcosindicalistas da CNT. Durante a II República, a acción educativa sobre a poboación obreira que levara a cabo a Universidad Popular só foi retomada polos estudantes republicanos de Santiago encadrados na FUE ao fundaren, en febreiro de 1933, como noutras universidades españolas nesa época, escolas para obreiros, que se malogaron por causa da conflitividade escolar dese ano, a pesar da boa aceptación que tivo esa iniciativa entre as clases populares da cidade: os medios de comunicación informaron que ás escolas da FUE asistían uns 400 traballadores.

⁹¹ Para a historia do excursionismo catalán, vid. GALI, Alexandre: *Història de les institucions i del moviment cultural a Catalunya 1900 a 1936*, vol. X, Fundació Alexandre Galí, Barcelona, 1983, pp. 41-123.

⁹² "El Comité Provincial de Turismo", *La Voz de Galicia* (26-II-1929)